

LORES, PAIXÓN

× PONTEVEDRA.

PROGRAMA DE
GOBERNO 23-27





CARTA DO ALCALDE MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES

AVANZAR CARA A PONTEVEDRA DO FUTURO

PROGRAMA DE GOBERNO

1. ELEVADA CALIDADE DE VIDA	8
1.A. Avanzar na calidade do espazo público	9
Novas actuacións de urbanización	10
Sostemento do espazo público	12
1.B. Alumeado	14
1.C. Transporte público e coche de punto	14
1.D. Infraestruturas e dotacións	15
Equipamentos	15
Dotacións: Santa Clara e o Museo Nacional da Galiza	16
Ferrocarril e porto	17
Solo industrial	17
Infraestruturas	18
EMIP	18
1.E. Mobilidade e seguraza viaria	19
1.F. Rural	22
2. A MÁXIMA EQUIDADE	26
2.A. Benestar social: o dereito a unha vida digna	27
Compromiso coas persoas maiores	27
Apoio ao tecido asociativo	27
Emprego e inclusión socio-laboral	28
2.B. A vivenda	29
2.C. O concello feminista	30
2.D. Diversidade	32
2.E. Sanidade	33
2.F. Educación e infancia	34
2.G. A modernización da administración	35
2.H. Política fiscal	36
XESTIÓN FISCAL	36
PROPOSTAS EN MATERIA DE INGRESOS. OS IMPOSTOS	37
Imposto sobre os bens inmóbeis	37
Imposto sobre actividades económicas	38
Imposto sobre o valor dos terreos de natureza urbana	38
Medidas complementarias	38
Taxas e prezos públicos	38
Arrendamentos e concesións	39
Endebemento municipal	39
Transferencias de capital	40
PROPOSTAS EN MATERIA DE GASTOS	40

3. PONTEVEDRA REFERENTE	41
3.A. Mobilidade e seguranza viaria	42
3.B. Cohesión e participación sociais	44
3.C. A bienal da creación e do deseño contemporáneo	47
3.D. O Museo Nacional da Galiza	48
4. A EXPLOSIÓN CREATIVA	49
4A. Economía creativa	50
4.B. Mocidade	51
4.C. TIC e administración electrónica	52
5. PONTEVEDRA DINÁMICA	53
5.A. Festas	54
5.B. Cultura	54
5.C. Deporte	56
5.D. Promoción económica e comercio	58
5.E. Turismo	60
6. RESPECTO POLO MEDIO	62
6.A. Residuos / recursos	63
6.B. Alumeado	63
6.C. Medio e ordenación do territorio	64
6.D. Monte vivo	65
6.E. O sistema ría/ríos	66
6.F. Ciclo da auga	68
6.G. Sanidade animal	69
7. ORGULLO DE PAÍS	71
7.A. Patrimonio	72
7.B. Promoción da cidade	73
7.C. Memoria histórica	75
7.D. Lingua	76

CARTA DO ALCALDE MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES

Pontevedra é unha cidade marabillosa, na que as veciñas e veciños responden aos retos máis avanzados como ningunha outra cidade, cando menos das que eu coñezo. Pontevedra é capaz de lograr metas que outras cidades do mundo a duras penas imaxinan. Pontevedra é unha cidade enorme de ilusión, de ambicións colectivas. Pontevedra é un exemplo de veciñas veciños esixentes, pero con paixón por mellorar, por avanzar.

Por isto estou cada vez máis namorado de Pontevedra e máis ilusionado por traballar para avanzar no futuro do noso concello. Atópome no mellor momento dende que son Alcalde de Pontevedra.

Quero facer un recoñecemento e mostrar o meu agradecemento ás persoas, ás familias, ás empresas e ao funcionariado, á sociedade pontevedresa no seu conxunto pola súa actitude, pola súa disposición, creo que podo dicir pola súa valentía á hora de confrontar tanto a COVID, que tanto sufrimento trouxo e da que a sociedade pontevedresa se levantou con un vigor que me fai estar moi orgulloso, como a crise de prezos, polas dificultades económicas que trouxo á persoas, familias, empresas e administracións, e que tamén afrontamos como sociedade coa decisión, a valentía e a vitalidade que caracteriza á Pontevedra.

Á maioría da sociedade pontevedresa, e a min en particular, as dificultades dannos motivación, fannos dar o mellor de nos mesmos. Non hai dificultades ou trabas que nos poidan quitar a ilusión dun futuro mellor, as ansias de avanzar. Ante as dificultades, máis ilusión, máis entusiasmo, máis empuje, máis proxectos de futuro.

Nunca dixen o que non sentía nin prometín o que non estaba seguro de poder cumprir e así quero que sexa tamén esta vez. Preséntome pensando en executar un proxecto a 8-10 anos vista, que nos permita dar un grande salto adiante, pensando en avanzar, avanzar, avanzar cada vez con máis ritmo.

Quero que entre todas as persoas que lle queremos a Pontevedra abramos unha nova etapa a partires do 28 de maio de 2023. O feito en anteriores etapas, feito está, xa forma parte da historia do concello, creo que brillante e orgullosa, e servirá de punto de partida para traballar nesta nova etapa.

Quero que abramos unha nova etapa con novos retos, con novas propostas, con renovadas ilusións, unha nova etapa con fresca e entusiasta paixón por gañarmos o futuro.

Para esta nova etapa que queremos abrir, propóñolle a cidadanía de Pontevedra os seguintes retos, os seguintes soños:

O soño de ter unha cidade e un rural de elevada calidade de vida,

O soño de que todas as veciñas e veciños de Pontevedra sexan tratados coa máxima equidade,

O soño de lograr que Pontevedra sexa referente mundial en cada vez máis ámbitos,

O soño de estimular e aproveitar a explosión de creatividade,

O soño dun concello con un grande dinamismo social, económico, cultural e deportivo,

O soño de poñer en valor todas as nosas potencialidades,

O soño de ver Santa Clara, A Ría, A Xunqueira, o Monte a pleno rendemento,

O soño do Museo de Pontevedra convertido no Museo Nacional de Galiza,

O soño dunha nova xeira de infraestruturas e de ver rematada a Circunvalación.

O soño dunha ecoloxía urbana de vangarda, da economía circular e de outras medidas contra o cambio climático.

Estou convencido de que merece moito a pena loitar por estes soños colectivos, esforzarse por conseguilos.

Estes soños merecen a nosa implicación, o noso compromiso con esta marabillosa cidade. Estes soños merecen a implicación de todas as persoas que lle queremos de verdade a Pontevedra.

**CON PAIXÓN POR PONTEVEDRA,
AVANZAR, AVANZAR, AVANZAR.**

**AVANZAR CARA A
PONTEVEDRA DO PORVIR**

PROGRAMA DE GOBERNO

**BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO**

1. ELEVADA CALIDADE DE VIDA

**LORES,
PAIXÓN
× PONTEVEDRA.**



1.A. AVANZAR NA CALIDADE DO ESPAZO PÚBLICO

O obxectivo central de todas as medidas propostas polo BNG neste programa é facer avanzar Pontevedra, mellorar a vida de todas as persoas que vivimos no concello. A sociedade pontevedresa formulouse retos tan potentes ao longo das últimas décadas, que agora ten a oportunidade de avanzar até obxectivos de mellora e calidade do espazo público inimaxinábeis para outras cidades.

Mentres outras cidades teñen que pensar en reformar unha praza, unha rúa, a contorna dun centro educativo, Pontevedra pode ver un futuro no que TODO o espazo público se trate cos mesmos criterios de equidade, calidade construtiva e mellora da calidade de vida. Cómpre avanzar para non voltarmos aos tempos nos que unhas partes da cidade eran máis importantes do que outras e as parroquias se trataban como o faiado da casa.

O BNG propón avanzar na mellora do espazo público respectando cinco principios en cada proxecto que se poña en marcha:

1. O espazo público é un dereito universal básico, como o ensino e a sanidade, para a cidadanía e unha obriga da administración. Expulsar a cidadanía do espazo público é un grave atentado á igualdade de oportunidades.

2. A democracia directa nos espazos públicos, de xeito que a estrutura da cidade fomente a participación na vida pública a través dos seus espazos públicos. O bo deseño urbano debe ser para todas as persoas independentemente da súa renda ou situación social e familiar, pero é máis importante para as rendas máis baixas.

3. Prioridade absoluta para as persoas, porque ningunha vida pública se desenvolve entre automóbiles.

4. Equidade no uso dos espazos públicos. Cómpre garantir a toda a cidadanía unha posibilidade real de movemento e estancia nos espazos públicos, especialmente ás persoas que precisan especial atención: sobre todo nenos e nenas, anciáns e anciás e persoas con diversidade funcional.

5. Feminización do espazo público: sen a ollada do feminismo non se poden deseñar espazos públicos amábeis, tranquilos e seguros para todas as persoas, especialmente para as mulleres, eliminando a violencia de calquera orixe. Unha cidade segura, máis xusta e equitativa, onde as mulleres conquistan o espazo público tamén no simbólico. O feminismo permítenos pensar nunha cidade diferente, alonxada da especulación e

achegada a toda a cidadanía, máis sustentábel medioambientalmente, que recolle as necesidades dunha poboación diversa e que permite a participación da cidadanía no deseño e disfrute dos espazos público.

Estes cinco principios son a garantía de avanzar de xeito equitativo, respectando os mesmos dereitos, para todas as persoas, independentemente de que vivan no centro, nun barrio ou nunha parroquia, á hora de levar estes proxectos á práctica cómpre unha dupla liña de actuación sobre o espazo público.

NOVAS ACTUACIÓNS DE URBANIZACIÓN

Novas actuacións de urbanización e reurbanización do espazo público que permitan mellorar a calidade de vida das persoas que vivimos en Pontevedra independentemente de se o facemos no centro, nos barrios ou nas parroquias.

Todos os proxectos que desenvolva o goberno de Pontevedra deben buscar mellorar a vida das persoas, tanto se se trata de grandes actuacións como se falamos de obras de menor entidade orzamentaria ou territorial pero que inciden igualmente nas necesidades transmitidas pola cidadanía, é dicir, para que as veciñas e veciños de Pontevedra vivan mellor tan importantes son grandes investimentos como a praza de Barcelos como as pequenas intervencións do tamaño da rúa do Castañal e o sostemento do espazo público. Isto pode resumirse nas seguintes propostas:

.- OS SUMINISTROS de calquera clase de materiais que se utilicen debe estar producidos na proximidade de Pontevedra, tamén para xerar a menor contaminación no seu transporte.

.- NO ALUMEADO hai que garantir que as persoas con dificultades se orienten con completa autonomía e que as mulleres, e por extensión todas as persoas, se atopen nun espazo seguro. Para iso cómpre rematar a substitución de todo o alumeado por led, tamén para avanzar na mellora da eficiencia enerxética.

.- A ACCESIBILIDADE debe ser universal para calquera tipo de dificultade de mobilidade ou sensorial.

.- O MOBILIARIO URBANO ten que ser accesíbel e de altísima calidade, pensado para que as persoas compartan espazos e veciñanza e non so na súa estética e funcionalidade.

.- Proponse renovar todos OS SERVIZOS (rede de saneamento de augas fecais, rede de abastecemento de auga, rede de pluviais, rede eléctrica

para o alumeado, rede semaforica, etc) sempre que sexa necesario e buscando sempre deixar a menor pegada no ambiente.

O BNG propón comezar por aqueles proxectos que teñen un maior grao de madurez na súa tramitación, porque isto é a mellor garantía de conseguir para Pontevedra fondos de outras administracións, nomeadamente os Next Generation, e outros que se vaian convocando.

Serán así prioritarias as actuacións de

.- Incrementar e protexer as zonas de uso público, convivencia e lecer, que inciden directamente na calidade de vida tanto no rural como no urbano, e son unha necesidade urxente: prazas, rúas, parques, xardíns, equipamentos colectivos...

.- Reforma integral da fachada marítimo fluvial, dende os terreos da antiga TAFISA até o novo vial de conexión entre a estrada de Marín e a auto-vía en Mollavao. Nestes proxectos están a reforma integral de Rosalía de Castro, a mellora da beira do río e o Proxecto A Moureira.

.- Tratamento funcionalmente integral do eixo Eduardo Pondal - Augusto García Sánchez - Raíña Vitoria - Rúa de San Roque/Paseo de Colón/Alameda-Echegarai suprimindo tráfico de paso e reforzando o seu carácter peonil, tanto con traballos de sostemento (en Augusto García Sánchez, por exemplo) como con outros de maior entidade (os previstos na Pz. da Liberdade, tamén a modo de exemplo).

.- Inclusión do ámbito do sur-leste urbano até o límite formado por Raíña Vitoria, Rosalía de Castro, Augusto González Besada, Praza de Galiza, Andrés Muruais, Peregrina, Frei Xoán de Navarrete e Sagasta no centro da cidade. Nomeadamente, son obxectivos prioritarios a contorna do goberno militar, as rúas Castelao e Daniel de la Sota e o eixo Andrés Muruais-García Camba-Oliva-Riestra.

.- Atención especial ao barrio de Monte Porreiro para dotalo de altísima calidade urbana atendendo ás súas características especiais de afastamento da cidade central, deseño propio e contorna natural. O BNG adicará os máximos esforzos no desenvolvemento do "Obxectivo MP30".

.- Intervencións no barrio de Campo Longo, nomeadamente nas rúas María Vitoria Moreno, Igrexas Vilarelle, Taboada Nieto e A Taboada.

.- Dotación de novos núcleos de centralidade, a comenza tamén polos proxectos máis avanzados de Ponte Sampaio, Santa María de Xeve e

Verducido e con intención de obter espazo para a vida social en cada unha das 15 parroquias.

.- No barrio do Burgo, no que xa ten financiamento dos fondos Next Generation a rehabilitación integral da Santiña, que é o derradeiro treito urbano do Camiño de Santiago, tamén cómpre ter presentes as necesidades doutros lugares como a rúa do Cordón. Para a mellora integral do Burgo faise imprescindible a construción da Variante de Alba e a retirada do tráfico de paso.

.- Reforma integral da Avda. de Lugo entre a rúa de Virxinia Pereira e a rotonda de Santa Margarita.

.- Completar actuacións naqueles barrios onde os espazos sen reformar son máis reducidos con obras como a rúa do Castañal ou a rúa Luís Seoane.

.- Acometida dos proxectos de mellora do espazo público no rural cos mesmos criterios de calidade construtiva e mellora da calidade de vida que no centro e nos barrios da cidade adaptados á realidade rural1.

.- Seguir avanzando no control do nivel de ruído (o producido polo tráfico, o ocasionado polas diversas actividades empresariais e o relacionado co ocio) e outros tipos de contaminación para favorecer a convivencia urbana. Pontevedra conta para este obxectivo coa Ordenanza contra a contaminación acústica, unha das máis avanzadas e restritivas de Galiza, que se aplicará estritamente, ao igual que todos os instrumentos normativos, de xestión e disciplinarios necesarios para lograr estes obxectivos.

.- Completar a mellora e renovación da rede de alumeadado público, tanto na cidade como no rural, cos criterios de aforro enerxético, eficiencia lumínica e calidade técnica e estética empregados nos últimos anos. Introducir elementos e actuacións de racionalización do consumo.

SOSTEMENTO DO ESPAZO PÚBLICO

A calidade urbana non precisa só de novas actuacións, senón que é máis que necesario tamén o sostemento de todo o que se leva avanzado. Arestora Pontevedra xa conta cun servizo de sostemento que integra a inspección do espazo público, a programación das accións de mantemento e a súa execución, polo que estamos en condicións de avanzarmos cara a completa excelencia.

O sostemento do espazo público é un traballo colectivo no que á cidadanía pode participar de xeito directo, tanto cos coidados como conver-

téndose nun axente fundamental á hora de informar das necesidades que observan ao seu arredor. Neste sentido afondarase na dotación de medios que faciliten informar ao servizo de sostemento das necesidades e problemas que poidan aparecer.

En calquera caso, é un obxectivo de primeira orde para o BNG que a administración municipal atenda especialmente ao sostemento de todos os espazos tanto urbanos como rurais e para iso buscarase:

1. Mellorar o funcionamento do servizo de inspección.
2. Programar as nosas actuacións con criterios de atención á maior cantidade de veciños e veciñas posíbel.
3. Tratar con equidade o centro, os barrios e as parroquias.
4. Manter o mobiliario urbano en bo estado de uso, principalmente bancos, papeleiras, pasamáns ou paradas de transporte público, entre outros.
5. Prestar especial atención ao funcionamento do alumeadado instalado e dotarnos dos medios suficientes para reparar as incidencias no prazo máis breve.
6. Garantir a accesibilidade universal, priorizando os desprazamentos peonís.
7. Atender ao bo aspecto de todos os elementos instalados no espazo público (mobiliario, farois, armarios de servizos . . .).
8. Dar prioridade ao coidado e sostemento do arborado urbano e dos alcorques nos que se ubica con criterios de respecto pola planta e de accesibilidade universal.
9. Manter en bo estado de uso toda a sinalización horizontal, vertical e lumínica, sobre todo pola súa función primordial para garantir a seguraza viaria.

OS PARQUES E XARDÍNS son unha parte moi importante do espazo público e con características especiais. Por unha parte nos xardíns hai seres vivos que precisan dunha programación estrita e por outra porque os parques son un espazo básico para a relación social, o benestar das persoas que o disfrutan acotío e para o control das temperaturas que se prevé co cambio climático. Afondarase na colaboración cos centros educativos e sociais, involucrando así á sociedade no seu sostemento.

O BNG comprométese en atopar fórmulas sustentábeis para o mantemento dos xardíns nos espazos públicos. Asemade, o BNG comprométese a dedicar todos os esforzos municipais ao mantemento nas mellores condicións dos parques infantís.

1.B. ALUMEADO

Na iluminación das vías e espazos públicos debemos ter en conta dous aspectos fundamentais: por un lado, os servizos que presta e, por outro, os seus aspectos ecolóxicos.

Existiu controversia sobre a necesidade e utilidade da iluminación pública. De feito, incluso se chegou a propor a súa diminución, ou a súa supresión, cando menos parcial.

Esta formulación é demasiado superficial, xa que non analiza as vantaxes que dá unha boa iluminación: favorece o andar, dá seguranza e sensación dela, evita usos indesezábeis, correspóndese cos hábitos de vida actuais e contribúe moitísimo á calidade de vida urbana e rural. Mesmo en países onde a iluminación pública non foi tradicionalmente unha faceta moi coidada (especialmente nos países nórdicos), xorden dende hai tempo voces para que se corrixa esta deficiencia e están adoptando medidas neste dirección.

Polo tanto, seguimos propondo unha iluminación pública de máxima calidade e axeitada a cada tipo de espazo público, pero estudando, se fose necesario, algunha limitación horaria cando se comprobe a carencia de uso. De existir esta situación, serían casos moi excepcionais e valorados coa participación da veciñanza.

Por outro lado, é certo que todo consumo enerxético debe reducirse ao máximo para evitar un gasto desmedido e insostíbel. Nesta liña, completaremos o paso á tecnoloxía LED de todo o alumeado tanto rural como urbano e afondaremos, sempre que sexa posíbel, na xeración de enerxía para autoconsumo.

1.C. TRANSPORTE PÚBLICO E COCHE DE PUNTO

A enorme importancia da mobilidade fixo e fai que consuma unha enorme cantidade de recursos, públicos e privados. Paralelamente, é un dos campos mellor estudados e sobre o que se ten acumulado unha

maior cantidade de coñecemento. Podería, pois, semellar unha área na que existen consensos e protocolos sobre como actuar e que medidas adoptar.

Non obstante, é sorprendente que existan abundantes exemplos de medidas irracionais no eido do transporte público, como son a proliferación de aeroportos sen volumes de tráfico aéreo que os xustifique, liñas de metro e de tranvía que son unha ruína en termos económicos e sociais ou liñas de autobuses antiecolóxicas e insustentábeis que fan viaxes sen apenas viaxeiros.

Na actualidade, Pontevedra conta coas bases necesarias para ter un transporte público intermodal adaptado ás necesidades dunha cidade galega do século XXI. Hai un servizo de bus urbano que dá servizo ao barrio de Monte Porreiro e conecta os principais centros educativos, administrativos e sanitarios do concello; a nova estación intermodal conecta os servizos de bus, tren e taxi; a nova ordenanza do taxi garante un período de avances para este servizo e, por fin, están dados todos os pasos para botar a andar o servizo do coche de punto nas parroquias.

- Pór en funcionamento o servizo de coche de punto ás parroquias.
- Estudar as melloras que se poidan facer nas dúas liñas de transporte urbano tanto para adaptar os trazados como para mellorar as paradas e a información que se presta a todas as persoas usuarias e ás súas necesidades.
- Esixir a implantación do tren de proximidade, nomeadamente entre Pontevedra e Vigo polas vantaxes que suporía en frecuencias e prezos.

1.D. INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS

EQUIPAMENTOS

Despois dun enorme esforzo por tensar todas as posibilidades que o actual Planeamento e os recursos municipais podían dar de si, estamos hoxe nunha situación na que a dotación de equipamentos comunitarios, sexan culturais, deportivos ou de outro tipo, están chegando a todos os barrios e parroquias nun esforzo sen precedentes. A rede de Centros Sociais e instalacións deportivas xa construídos ou en marcha están a cubrir todo o territorio do concello en función das súas necesidades.

De todos xeitos, nesta altura do século XXI, algunhas instalacións precisan ser acondicionadas ás novas necesidades que foron xurdindo dende a súa posta en funcionamento e é preciso acomodalas ás demandas sociais, cada vez máis elevadas e que serven para manter Pontevedra na vangarda.

Para o próximo mandato son obxectivos do BNG:

- Mellorar a rede equipamentos sociais e deportivos adaptándoos ás demandas sociais e ás necesidades actuais cos máis avanzados estándares de calidade.

- Reforzar o mantemento das instalacións municipais, dado que o seu uso fai que se produza un inevitábel desgaste.

GRANDES DOTACIÓNS: SANTA CLARA E O MUSEO NACIONAL DA GALIZA

Hoxe en día xa pasaron os tempos en que se propuñan, e mesmo se executaban, novas dotacións faraónicas, sen pensar nos recursos públicos necesarios nin nas repercusións no territorio, sen ver que en moitos casos os recursos xa existían e só era preciso repensar os seus usos. As consecuencias vense en todas as cidades.

En Pontevedra algúns dos edificios que estaban abandonados, vítimas destas dinámicas perversas, afortunadamente están rehabilitados e con novos usos. Eis os casos do edificio da Xunta da rúa Benito Corbal ou antigo cuartel da Garda Civil. Outros edificios xa se renovaron, caso da Estación Intermodal que ten unha nova vida por diante, e outros, como acontece co Hospital de Montecelo, están a ser ampliados para responder ás necesidades actuais.

De todos os xeitos, aínda queda moito por facer tamén neste ámbito, como demostra o estado do antigo Edificio de Hacienda, unha mostra no medio da cidade dos esquecementos do goberno do Estado con Pontevedra.

O Concello de Pontevedra, da man do BNG, negociará co resto das administracións (Deputación, Xunta, Estado, Universidade de Vigo . . .) para buscar unha nova vida aos edificios que poidan estar sen uso ou infrautilizados, optando sempre por equipamentos e dotacións o máis integrados posíbel na cidade e coas solucións economicamente máis sustentábeis, de carácter público e que non estraguen territorio innecesariamente.

A incorporación do Convento de Santa Clara á vida cidadá é o principal reto que temos por diante como sociedade e vai marcar o devir da Pontevedra dos vindeiros decenios.

Convertir esta xoia do patrimonio histórico da cidade nun elemento dinamizador da actividade cultural, será a segunda fase desta operación, que comezou coa compra por parte do Concello e a posterior cesión á Deputación para convertilo no séptimo edificio do Museo de Pontevedra. Pontevedra colaborará en todo o que estea nas súas competencias para que este novo espazo impulse ao Museo de Pontevedra até Museo Nacional de Galiza. Garantirá o goce dos xardín por parte da veciñanza e o aproveitamento da igrexa como sala de usos múltiples para a organización de actividades culturais, ambos os dous espazos plenamente incorporados á vida cidadá pontevedresa.

FERROCARRIL E PORTO

Coas obras do tren de alta velocidade rematadas, entendemos que, no relativo á infraestrutura ferroviaria, Pontevedra está en boa situación, cando menos para os viaxeiros. Restaría acadar a implantación dun tren de proximidade entre Pontevedra e Vigo.

En moi diferente situación están o tren ao porto e o propio porto, actuacións mal xestionadas e tramitadas dende o seu inicio, nos anos 90, e que desembocaron nunha precariedade e conflictividade extremas. A situación ten difícil solución e deben ser as entidades que a provocaron as que xestionen a saída. O BNG tivo sempre unha posición clara en defensa do porto, pero advertindo de que non podía ser un polígono industrial nin debían facerse mal as tramitacións.

O BNG manterá o esforzo de toda a maquinaria municipal para tentar evitar que o goberno de España execute os pasos soterrados na praza dos Praceres.

Continuamos mantendo a proposta de tramitar terreos para un porto seco e colaboraremos, caso de ser necesario, na súa consecución.

SOLO INDUSTRIAL

Pontevedra é a día de hoxe unha cidade xeradora neta de emprego e cunha sociedade altamente dinámica, activa e emprendedora, mais moi constreñida a nivel de dotación de solos para actividades industriais, posto que todos os existentes están ao límite das súas posibilidades.

O Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galiza, aprobado pola Xunta en 2014, garante a posibilidade dunha tramitación rápida para a ampliación do polígono do Campiño, polo que o Concello de Pontevedra seguirá a demandar á Xunta de Galiza a súa ampliación e colaborará con ela para que se leve a cabo coa maior celeridade.

Esta opción non pecha a posibilidade de que Pontevedra se dote de novos terreos para desenvolvemento industrial.

INFRAESTRUTURAS

No ano 2004, Pontevedra definiu a súa rede de infraestruturas de comunicación na coñecida como Mesa M4 onde estaban presentes o Concello, a Deputación, a Xunta de Galiza e o Estado.

O concello ten cumpridos boa parte dos compromisos que adquiriu daquela e a Deputación está a facer un grande esforzo para cumprir a súa parte. Velaí están a Ronda Leste, a ponte das Palabras, os accesos a Monte Porreiro polos Campos e dende Lérez, a tramitación do by-pass de Mollavao e a mellora da estrada de Tomeza, cuxo convenio está a piques de ser asinado.

Desgrazadamente non se pode dicir o mesmo dos proxectos da Xunta e do Estado que padecen unha tramitación lentísima cando non parálises, retrasos e mesmo boicotes. Véxanse o paseo a Marín, a autovía A-57 e o novo vial de Mollavao, imprescindible para incorporar este barrio a Pontevedra con máis alta calidade de vida.

O Concello esixirá ao resto das administracións a execución das infraestruturas que lles corresponden. O concello de Pontevedra, en función das súas competencias e posibilidades, ofrecerá toda a colaboración ao resto das administracións para desenvolver estas actuacións.

O BNG recolleu as súas propostas sobre infraestruturas e a relación con outras administracións na Estratexia de Mobilidade Integrada de Pontevedra - **EMIP** da que recolleemos aquí os seus compromisos e obxectivos:

- O paseo a Marín pola beira da Ría atópase parado tras completarse a primeira fase. É necesario para acadar a conexión peonil pola fronte marítimo fluvial dende Cerdedo Cotobade até Marín completando o actual paseo até O Cabo, Lourizán, e, posteriormente buscando a conexión con Marín.
- O novo vial de Mollavao de conexión da Avda de Marín e Rosalía de Castro. Sen a súa execución non se pode desenvolver a reforma urbana integral do derradeiro treito de Rosalía de Castro.
- A autovía A-57 é a circunvalación exterior que precisa Pontevedra, a única capital de provincia de todo o Estado que aínda non conta con este servizo. Esixiremos o seu trazado integral de Sur a Norte do concello.

- A variante de Alba entre as estradas de Santiago e Vilagarcía. A conexión entre a N-550 e a PO-531, concibida como unha rúa aberta, dará servizo á veciñanza que viva nas súas beiras, mellorará a seguranza viaria peonil no Camiño de Santiago, eliminará o funil do tráfico pesado en San Caetano, retirará tráfico de paso da beira do Lérez, mellorará os accesos de Alba e Campañó ao seu centro de saúde e as comunicacións interparroquiais e aliviará os problemas de excesivo tráfico en vías parroquiais ou rúas urbanas como poidan ser Leborei e a Rúa do Cordón.

- A PO-531 (estrada de Vilagarcía) na parroquia de Campañó; a N-550 (estradas de Vigo e Santiago) nas parroquias de Cerponzóns, Alba, Lérez e Salcedo; a PO-223 (estrada de Campo Lameiro) en Lérez e Santo André de Xeve; a N-541 (estrada de Ourense) en Mourente e Bora; a PO-532 (estrada de Ponte Caldelas) en Mourente e Marcón; a PO-542 (estrada O Pino-Bora) en Marcón e Bora; a EP-002 (estrada de Tomeza) e a EP-0012 (estrada de Figueirido) en Salcedo teñen que ser dotadas de seguranza viaria de xeito que se facilite a mobilidade activa peonil e ciclista e se mellore a calidade de vida das veciñas e veciños que viven nas súas contornas.

- O Nó de bombeiros é unha conexión imprescindíbel para que a Ponte das Correntes adquiera todo o seu sentido e funcionalidade.

- A Ponte da Barca ten que ser a conexión prioritaria para os desprazamentos peonís e ciclistas entre Pontevedra e Poio.

- Eliminación da contaminación acústica producida pola AP-9 e o camiño de ferro con intervencións non agresivas integradas no territorio.

- Os pasos soterrados baixo o tren nos Praceres: o concello de Pontevedra continuará a esixir ao ministerio por todos os métodos ao seu alcance que non se estrague a praza dos Praceres deste xeito.

1.E. MOBILIDADE E SEGURANZA VIARIA

Cando no ano 1999 se retiraban os vehículos do centro histórico ou cando no ano 2003 se colocaba o primeiro reductor físico da velocidade nas Corvaceiras, Pontevedra comezaba a dar os primeiros pasos dun camiño de éxito que hoxe ten o noso concello convertido nun referente mundial, tal e como acreditan os numerosos premios e recoñecementos recibidos. En todo caso o máis importante éxito colectivo é non padecermos ningunha morte por violencia viaria nos últimos 12 anos.

Entregar a cidade aos vehículos, ás súas “necesidades” de mobilidade e estacionamento, provocou nas cidades importantísimos problemas de inseguridade, de contaminación ou de falta de autonomía para as crianzas e as persoas de máis idade. Ademais, é un factor importantísimo para acrecentar a crise climática cuxos efectos padecemos a cada día de xeito máis agudo.

Os problemas de contaminación e a emerxencia climática, están obrigando a moitísimas cidades de todo o mundo adoptar medidas extremas, agresivas e discriminatorias para solucionar os problemas que Pontevedra sabe abordar mellorando a calidade de vida das súas veciñas e veciños.

Neste sentido, nos vindeiros anos, o principal reto que van ter que afrontar as cidades de máis de 50.000 habitantes de todo o Estado é a implantación das Zonas de Baixas Emisións e van ter que facelo cunha lexislación moi restrictiva que aposta nun modelo discriminatorio pola esixencia de investir na renovación dos vehículos ou no pagamento dunha peaxe por circular ou estacionar, coas consecuencias negativas obvias para as rendas medias e baixas e para o comercio de proximidade.

Eis a disxuntiva que se formula nos vindeiros anos: ou avanzar cun modelo de éxito como o de Pontevedra ou recuar cara un modelo no que os vehículos de quen poidan pagar invadan outra vez o espazo das persoas.

Neste contexto onde Pontevedra é unha das moi poucas cidades do Estado co seu PMUS aprobado e a súa ZBE xa deseñada e ratificada, o BNG propón os seguintes obxectivos para avanzar:

- Garantir unha mobilidade equitativa

- que non esixa investimentos nin o cobramento de peaxes por circular ou estacionar en ningunha zona do concello.

- que trate igual o centro, os barrios e as parroquias.

Todos os obxectivos e medidas concretas que se relacionana a seguir, contribúen a este obxectivo:

- Priorizar a mobilidade activa peonil e ciclista e rehabilitar de xeito progresivo o espazo público en todo o concello para facelo seguro e con sensación de seguranza.

Neste sentido, considérase prioritaria a atención a toda a fronte marítimo-fluvial e a súa conexión e aqueles barrios e parroquias nos que hai

proxectos en máis alto grao de maduración (Rosalía de Castro, A Santiña, rúa do Castañal, Luís Seoane, Almirantes Matos e os núcleos de centralidade de Santa María de Xeve e Verducido).

As conexións peonís e ciclistas con outros concellos, onde pode abordarse o carril bici (e nalgúns casos as interparroquiais) esixen demandas a outras administracións para levaren a cabo promesas longamente incumpridas (paseo a Marín e urbanización da estrada de Vigo polo goberno do Estado e estradas de Vilagarcía, Campo Lameiro e Ponte Caldelas pola Xunta de Galiza, conexión ciclista Pontevedra-Marín).

- Continuar reducindo o tráfico de paso e de axitación, que reduce a emisión de gases contaminantes, elimina ruídos innecesarios, mellora a distribución de último quilómetro e facilita a cada veciña e veciño a utilización do seu vehículo cada vez que o precisar.

Eduardo Pondal é a zona da cidade con maior nivel de tráfico de paso innecesario e, polo tanto, deberá ter un tratamento especial para reduci-lo. Por outra parte, a conexión de Monte Porreiro coa avenida de Bos Aires está duplicada, o que debe terse en conta para suprimir todo o tráfico innecesario da beira do río.

Retirar tráfico de paso tamén esixe unha nova conexión entre as estradas de Santiago e Vilagarcía, a coñecida como variante de Alba, tamén para evitar funil para camións de San Caetano e, por suposto, para facer máis seguro o Camiño de Santiago.

O BNG tamén vai esixir que se execute o Nó de Bombeiros, conexión prioritaria coa AP9 e imprescindible para tirarlle todo o rendemento á Ponte das Correntes.

Este obxectivo é especialmente importante nas contornas dos centros escolares, deportivos, sanitarios e a administrativos para gañar en sensación de seguranza viaria.

Por fin, hai que atender ás necesidades que xurdan para completar a rede de estacionamentos de borde.

- Atender prioritariamente ás persoas con máis necesidades e dificultades de mobilidade. No concreto comprometémonos a adaptar os semáforos para as persoas cegas e a colaborar coas entidades representativas para garantir unha accesibilidade realmente universal no espazo público.

- Prestar especial atención ás zonas de maior atracción de persoas para garantir a mobilidade peonil nos ámbitos de maior atracción de

persoas, especialmente nos xa citados centros escolares, deportivos, sanitarios e administrativos e tamén nas paradas do transporte público colectivo ou de taxis.

1.F. RURAL

En Pontevedra, soñar cun rural con dignidade e orgulloso de si mesmo non é unha utopía, é unha realidade. Fomos quen de loitar con éxito, dentro do contexto galego, contra o continuo despoboamento que sofre a maioría das zonas rurais mediante políticas eficientes e respectuosas co medio.

A pandemia que acabamos de superar puxo de manifesto a enorme importancia que ten o rural galego como lugar de esparcemento, socialización e de vida. As cidades volveron mostrar as súas dificultades, polo que houbo habitantes delas que amosaron a súa intención de volver vivir nas parroquias. Sen embargo, tamén moitas persoas se deron conta do enorme traballo que habería que facer para dignificar a vida rural, tan desprezada polas políticas europeas, centrais e autonómicas, e que levaron ao desmantelamento case total do sector primario no noso país e provocaron un avellentamento poboacional.

No BNG apostamos pola participación social para pór en marcha iniciativas que dotaron as parroquias de calidade de vida igual á das cidades con infraestruturas, equipamentos sociais, deportivos ou recreativos e núcleos de centralidade sempre tendo en conta as características e realidades de cada parroquia.

Non só queda moito por facer, senón que podemos formularnos retos que noutros ámbitos rurais case non dan nin imaxinado. O BNG recoñece a imperiosa necesidade de formular retos e obxectivos colectivamente, co Concello e cos sectores máis dinámicos de cada parroquia, coas asociacións veciñais, culturais ou deportivas, co tecido empresarial ou coas comunidades de montes e de augas.

O importantísimo traballo feito até o de agora polos Consellos Parroquiais convérteos na ferramenta imprescindible para a toma das decisións máis importantes na vida de cada parroquia e o seu funcionamento xa testado fai que, a partir de agora, poidan ter unha vida renovada e chea de folgos. Nesta liña de avance na xestión democrática do concello o BNG comprométese a pór en marcha unha plataforma dixital que mellore e axilice o sostemento do espazo público no rural facilitando op traslado

daquelas pequenas deficiencias (puntos de luz, fochancas, desbroces...) que en moitos casos son específicas das parroquias rurais.

Nas parroquias de Pontevedra o BNG comprométese a:

.- Continuar coa creación de novos núcleos de centralidade, como xa se fixo en Salcedo, Tomeza, Marcón e Campañó; mellorando as contornas dos lugares de convivencia das parroquias. A experiencia acumulada no deseño dos núcleos de centralidade, espazos de socialización e dinamización fundamentais para cohesión social, abren todo un abano de posibilidades para mellorar os existentes e abordar os novos con amplas garantías de éxito. Considéranse prioritarios os seguintes investimentos e traballos:

- Mellora da seguraza viaria no CEIP Parada de Campañó. Crearase un núcleo de centralidade facilitando os desprazamentos a pé e recuperando lugares cun gran valor patrimonial da zona.

- Continuar na mellora do núcleo de centralidade de Santa María de Xeve acondicionando os espazos da contorna do antigo concello e da igrexa.

- Consolidación e ampliación do núcleo de centralidade de Salcedo: mellora da mobilidade peonil entre a Casa Verde e o CEIP Cabanas e habilitación de estacionamento disuasorio.

- Posta en marcha do núcleo de centralidade de Verducido na contorna do adro da igrexa. Calmado de tráfico, acondicionamento de espazos de estancia e desmonte do palco da festa.

- Mellora do espazo exterior do local social de Sabarís en Campañó, preparando o terreo colindante para aparcamento que de servizo á veciñanza que acuda ás actividades.

- Novo parque infantil en Bora, coordinado coa comunidade de montes de Castro Lampán.

O coidado do noso patrimonio e a posibilidade de darlle nova vida, de permitir que sexa ocupado pola veciñanza é tamén un obxectivo irrenunciábel. Temos que sinalar que no vindeiro mandato o goberno do BNG vai apostar pola:

- Rehabilitación da contorna de San Cibrán en Tomeza, incluíndo a reconstrución do mirador do campo da festa.

- Supresión do antigo palco da festa de Bora e rehabilitación do espazo perimetral do cemiterio e a Igrexa.

.- Ampliar a rede de centros sociais e conservar no mellor estado os equipamentos xa existentes. O rural pontevedrés ten a mellor rede de centros sociais autoxestionados de todo o país, mais cómpre ampliála coa construción dos locais de:

- Bora.
- Acevedo.
- Ponte Sampaio.

.- Igual que no resto das infraestruturas, dotacións e equipamentos é imprescindible a conservación en bo estado da rede existente e a adaptación ás necesidades actuais os centros que xa teñen un tempo.

.- Apostar nas grandes infraestruturas, tan necesarias para o desenvolvemento económico e social das nosas parroquias, priorizando vías de comunicación que eliminen os tráxicos de paso de vías de menor capacidade². O BNG considera imprescindible a construción da Variante de Alba como unha rúa aberta e así o esixirá á Xunta de Galiza, por canto é unha obra que precisa o concello enteiro e que vai supor un salto na calidade de vida de Lárez, Alba e Campañó de altísimo calibre.

.- Continuar co acondicionamento das pistas e camiños no rural adaptándoas ás necesidades da veciñanza e apostando pola seguranza viaria e investir en obras que son demandas sentidas de cada parroquia de Pontevedra. Neste ámbito, son obxectivos prioritarios para o BNG:

- O Bispo e O Riveiro en Campañó.
- Gatomorto en Santa María de Xeve.
- Casaldourado, O Ramallás e O Castelo en Lárez.
- Rehabilitación integral da rúa San Cristovo de Lourizán: substitución de canalizacións en mal estado, asfaltado e reestruturación das zonas de aparcamento.
- Rematar co cambio de luminarias nas tres parroquias que faltan: Lárez, Tomeza e Salcedo, conseguindo así dar un paso mais na loita contra o cambio climático e reducindo drasticamente o consumo enerxético.

.- Continuar promovendo a seguranza viaria nas nosas parroquias, reducindo e freando o tráfico onde sexa necesario consensuando coa veciñanza cales deben se eses puntos.

.- Reforzar, na medida do posible e onde sexa máis necesario, a limpeza das beiras dos camiños máis transitados, para así favorecer os tráfico peonís.

.- Dotar de rede de abastecemento todos os locais municipais situados nas parroquias con rede municipal.

.- Favorecer o acceso ás novas tecnoloxías da veciñanza do rural promovendo o seu uso, sobre todo por parte das persoas máis maiores, realizando cursos que os axuden a reducir a fenda tecnolóxica, facilitando o acceso dixital aos servizos que para eles son máis necesarios. Especialmente farase unha campaña para facilitar o acceso de todas as persoas do rural ao Coche de Punto.

.- Potenciar a nosa cultura e raíces fomentando o coñecemento da mesma a través de convenios con colexios, institutos e entidades asociativas culturais que den a coñecer a nosa música, as nosas cancións tradicionais e o noso baile, especialmente entre a poboación máis nova. Facer posible o acceso dos rapaces e rapazas ao coñecemento do noso patrimonio cultural.

.- Fomentar actividades de lecer nos locais sociais ou entre locais de distintas parroquias como se está facendo en programas de Bótalle un conto.

2. A MÁXIMA EQUIDADE

**LORES,
PAIXÓN
✕ PONTEVEDRA.**



2A. BENESTAR SOCIAL: O DEREITO A UNHA VIDA DIGNA

O BNG entende que os Servizos Sociais son un dereito universal e, por tanto, debemos garantir que os recursos sexan repartidos con criterios claros, planificados cunha visión global do País, con xustiza e que cumpran os obxectivos para os que son destinados.

Os servizos sociais son unha cuestión de dereito a vida digna, por tanto non poden depender da circunstancias particulares de cada concello, senón que todos os galegos e galegas deben poder gozar dos mesmos recursos e recibir a mesma atención, independentemente do lugar de residencia. É por iso que a nosa primeira medida consiste en esixir da Xunta da Galiza o cumprimento das súas obrigas, como administración competente na atención social no conxunto do País.

Con todo, debemos partir da situación actual e xestionar os recursos e competencias que a Xunta pon en mans dos concellos, e nese sentido o noso compromiso comprende:

COMPROMISO COAS PERSOAS MAIORES

A pirámide demográfica indica que Europa está envellecendo. O número de crianzas non é dabondo para o recambio xeracional e as melloras sanitarias e sociais aumentaron moito a esperanza de vida. Estes dous aspectos conflúen nun importante incremento do número de persoas maiores que precisan coidados e atención. Pontevedra é das cidades que mellor comportamento ten no que respecta a media de idade da poboación, pero aínda así, o número de maiores segue subindo. Os programas interxeneracionais onde se mesturan persoas mozas con persoas anciás producen un elevado índice de benestar e favorecen a cohesión social, e a mellor maneira de realizalo é mediante o voluntariado xuvenil. Lecturas en voz alta, xogos de mesa, paseos, conversas e socialización son a mellor menciña para as persoas maiores. Apoiaremos ás entidades sociais que dispoñen de programas con estes fins dando a cobertura necesaria aí onde non cheguen. O SAF seguirá sendo prioritario nos orzamentos municipais, dando a maior cobertura posible dacordo co cofinanzamento da Xunta.

APOIO AO TECIDO ASOCIATIVO

O tecido de asociacións no ámbito do Benestar en Pontevedra é moi nutrido, e durante anos facilitamos os equipamentos para que poidan levar a cabo as súas funcións da mellor maneira posible. Ese camiño

seguirá avanzando e estaremos atentas ás necesidades que vaian xurdindo para non dar nin un paso atrás. Mediante a creación de mesas de traballo, manteremos un diálogo fluído con todas as organizacións para coñecer de primeira man as necesidades e favoreceremos a interacción das mesmas con toda a sociedade.

Un novo impulso á RedeAxuda. Un proxecto participativo e comunitario que facilita a vida a decenas de persoas e que conecta ás entidades sociais, ás persoas vulnerables e a cidadanía xeral.

EMPREGO E INCLUSIÓN SOCIO-LABORAL

Desde o ámbito do emprego, crearemos un plan de emprego específico para dar entrada a persoas con discapacidade intelectual no cadro de persoal municipal así como a adaptación dos exames de entrada na función pública. Colaborar coas entidades sociais que traballan neste ámbito.

As persoas vulnerables terán programas específicos municipais que garantan a cobertura dunha vida digna, con especial atención á vivenda, gastos esenciais, menores e plans de emprego. Todo iso conformará un único programa coordinado e coherente co obxectivo principal de optimizar os recursos e facilitar a relación das persoas usuarias coa administración.

Seguiremos avanzando no traspaso da UAD so Sergas, facilitando no posible que a integración sexa áxil para evitar o prexuízo aos usuarios e usuarias. Os traballadores e as traballadoras terán a posibilidade de escoller se queren integrarse no Sergas ou permanecer na plantilla do Concello.

A INFANCIA

O mesmo que decíamos no apartado anterior tamén vale para garantir o dereito á educación, polo que, aínda que garantimos a colaboración coa FANPA para manter os comedores escolares, traballaremos para que a Consellería de Educación se faga cargo deste servizo.

No caso do convenio para as ludotecas extraescolares seguiremos investindo no lecer dos cativos e facilitando a conciliación familiar. Hai que sinalar que se a Xunta asumise as súas competencias, liberaríanse fondos municipais para programas coma este que si son da competencia do Concello de Pontevedra.

2.B. VIVENDA

O acceso á vivenda, sobre todo da poboación máis nova e das persoas con menores recursos está sendo un problema global que repercute na calidade de vida e, na Galiza, de xeito moi notorio na capacidade da mocidade para se independizar

Os poderes públicos teñen a obriga de elaborar e pór en práctica políticas que garantan o dereito dos cidadáns a unha vivenda digna, especialmente a aqueles sectores de menos recursos e mais necesidades. Aínda que as competencias e recursos públicos dispoñíbeis para implementar estas políticas están repartidas entre o Estado e a Xunta, dende o concello pódense tomar medidas que axuden a mellorar a calidade das vivendas e o acceso a elas.

O goberno do BNG centrará todos os seus esforzos nestas liñas de actuación:

-Incentivar a rehabilitación de edificios en todo o concello, tanto a través das Areas de Rehabilitación prestando axuda técnica e económica como na mellora dos espazos públicos que os fagan máis atractivos para residir.

.- Elaboración dun estudo da dispoñibilidade completa de solo para a edificación de vivenda de promoción pública en Pontevedra, tanto de titularidade municipal como de outras administracións que permita a maior axilidade na posta a disposición dos terreos.

.- Máxima colaboración coa Xunta de Galiza para a posta a disposición de soares municipais con aproveitamento residencial para que esta constrúa vivenda de promoción pública tanto para a venda como para o alugueiro.

.- Apoiar a creación de cooperativas de vivendas.

.- Aproveitar todos os instrumentos urbanísticos ao seu alcance para facilitar o acceso á vivenda. Neste sentido:

.-Revisarase o Peprica para actualizalo e adaptalo á normativa vixente e definir criterios na a futura implantacións de actividades terciarias para que non primen sobre o uso residencial da zona monumental e encarezan o prezo da vivenda.

.- Facilitarse o desenvolvemento de unidades de actuación que poñan no mercado solo edificábel como vía que axude a conter o seu prezo.

.- Pontevedra conta cun PXOM en vigor que xa desenvolveu todas as directrices que levaron o BNG a oporse á súa aprobación e no que, xunta ás 41.465 vivendas construídas, aínda permite edificar da orde de 20.000 máis. É dicir, que Pontevedra se atopa en boa situación para afrontar o actual problema da vivenda. Deste xeito, non se contempla a necesidade de elaborar un novo PXOM, que esixiría esforzos ímprobos, xeraría unha grande inseguridade e reduciría o solo edificábel para vivenda de maneira significativa.

2.C. O CONCELLO FEMINISTA

O BNG ten na súa esencia política a defensa dos dereitos das mulleres e a loita por unha sociedade verdadeiramente igualitaria. Nese empeño levamos investido moitos esforzos e conquistado moitos obxectivos. Mais tamén constatamos que ningún dereito está asegurado se non se defende a cada día: aínda é moito o que falta por conquistar e, por tanto, é preciso dar novos pasos para conseguir novos avances.

A crise económica arrasou coas escasas axudas que moitas mulleres percibían por coidar as persoas dependentes da familia, ademais a reforma laboral e a destrución de emprego expulsou moitas mulleres do mundo laboral, agravando tamén a fenda en ocupación e salarial, disparando o número de mulleres con contratos a tempo parcial. Como nos vellos tempos, a pobreza volve a ter rostro de muller.

A violencia machista e o feminicidio continúan a ser unha lacra que ameaza permanentemente a seguranza e a vida das mulleres, aliás, nun contexto en que sectores reaccionarios pretenden de novo normalizar o machismo e a xustiza continúa a tratar as vítimas como culpadas, en canto as súas decisións amparan e fomentan a comprensión cos agresores.

Neste contexto, é fundamental unha política activa desde os concellos que confronte o patriarcado, que defenda os dereitos das mulleres, que esixa mudanzas xurídicas e sociais, que denuncie a permisividade e as irracionais actuacións xudiciais, que implique a sociedade -especialmente a mocidade- na loita pola igualdade e que despregue a súa propia programación para conquistala.

Para o BNG, promover a igualdade entre homes e mulleres pasa por fomentar a mudanza de valores, rompendo co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e

avanzando nun modelo de relacións simétricas. Para iso despregaremos todas as accións que foren precisas no ámbito municipal, entre elas:

1- A MOCIDADE, facéndoa participe e protagonista das políticas municipais a través de mesas de debate estable cun nutrido calendario de actividades ao longo de todo o ano, favorecendo a autoorganización e fomentando a formación. Os mozos e as mozas son a vangarda enriquecendo o movemento feminista con novas perspectivas que lanzan cara o futuro e para que sexa ventureiro, a formación, o activismo e a visibilidade son pezas claves. Esas serán as liñas mestras de traballo do BNG coa mocidade.

2- AS MULLERES: O patriarcado segue estando presente na sociedade e debemos seguir combanténdoo, por iso propoñemos un apoio decidido tecendo redes de encontro e colaboración permanente, con actividade deseñada entre todas que recolla:

- Formación, cun amplo abano de actividades ao longo de todo o ano para debater os aspectos máis actuais do feminismo máis tamén para recuperar a memoria das devanceiras.

- Especial atención ás mulleres máis vulnerabeis, acompañandoas, asesorándoas e favorecendo a mellora da súa vida. A nosa proposta é a creación de estruturas mixtas conformadas por profesionais e activistas que acompañen ás vítimas en todo o proceso.

- Manter e fortalecer os Centros de Información ás Mulleres e dos seus servizos de atención psicolóxica e legal, como recurso fulcral en materia de prevención e mesmo de atención directa e integral ás vítimas de violencia de xénero. As crianzas das mulleres vítimas son as grandes esquecidas, por iso é imprescindible establecer recursos acaídos para sandar ás meniñas e aos meniños, colaborando para que o seu desenvolvemento vital non arrastre a mochila da violencia.

- Plans de emprego específicos para mellorar a integración laboral. Impulsar actuacións dirixidas a garantir o acceso e a permanencia das mulleres no traballo en condicións de igualdade.

- Impulsar e apoiar a economía social e outras iniciativas que incorporen a perspectiva de xénero no seu funcionamento e posibiliten unha menor dependencia de acceso a recursos e apoiar e promover a iniciativa das mulleres en proxectos innovadores de actividades profesionais.

- Incorporar cláusulas sociais na contratación pública, coa finalidade de favorecer a selección de empresas que destaquen por desenvolver unha política en prol da igualdade.

- Favorecer a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, laboral e familiar.

- Fomentar o incremento da implicación social das mulleres, promovendo o asociacionismo e a súa participación activa na toma de decisións da comunidade.

- Seguir avanzando na presenza simbólica das mulleres no espazo público recuperando a memoria e as súas biografías a través de homenaxes, campañas ou publicacións.

- Seguir conquistando o espazo público físico, construíndo a cidade feminista e diversa onde as mulleres se sintan seguras e acollidas.

3- A POBOACIÓN XERAL: O feminismo non é só cousa de mulleres. Todas e todos temos que ser feministas para acadar unha sociedade máis xusta e equitativa, por iso é imprescindible dirixirnos ao resto da poboación a través de programas creados a man tenta para distintos colectivos e para público xeral. Debates, podcast, concursos fotográficos, de vídeo e de teatro son exemplos do que queremos facer.

- Mediante a investigación e a análise dos diferentes sectores económicos faremos un mapa comparativo dos máis feminizados e menos feminizados, promovendo accións de denuncia e reparación.

- Traspasar os prexuízos e facerlle chegar á toda a xente que a loita contra o patriarcado segue a ser imprescindible.

- Romper co ritualismo de moitas campañas conmemorativas das datas que lembran a loita das mulleres para ir de verdade ao centro do problema, con propostas e mensaxes arriscadas e novas, que peten na conciencia colectiva, nomeadamente no 8 de marzo e no 25 de novembro.

- Integrar a perspectiva de xénero nas políticas municipais, en todos os programas, actuacións, documentos... tanto do propio concello como das asociacións e empresas que traballen co concello. Nos casos en que for preciso, establecer parámetros de discriminación positiva.

2.D. A DIVERSIDADE

A diversidade, garantía da igualdade

Os concellos BNG deben ser vangarda na loita contra as desigualdades e discriminacións por orientación afectiva e sexual, identidade e ex-

presión de xénero, debendo traballar para garantir a todas as persoas o dereito a vivir totalmente libres de violencia e opresión. Por iso é importante incorporar a perspectiva da diversidade emocional, sexual e de xénero na axenda política do municipio e na acción política municipal. Para iso é necesario prestar apoio desde os concellos ao tecido asociativo, poñer en marcha equipamentos e servizos específicos, fomentar a formación, e levar a cabo medidas de loita contra a discriminación. As políticas municipais LGBT deben impregnar o conxunto de actuacións que desenvolven os concellos co obxectivo de repercutir máis aló do propio colectivo, xa que a súa implantación supón un beneficio para toda a sociedade. E para garantir esta transversalidade cómpre situar estas políticas no centro da acción de goberno. O BNG no concello impulsará:

- Incorporar a perspectiva LGBT nos principais plans e programas municipais, para garantir a transversalidade destas políticas.
- Apoiar, fomentar e dinamizar o asociacionismo LGBT do municipio.
- Conmemorar, desde os concellos, xornadas relacionadas co colectivo LGBT.
- Garantir unha política de comunicación local inclusiva con diversidade sexual e identidade de xénero.
- Garantir que a información municipal (formularios e rexistros) se adapte á diversidade familiar e de identidade de xénero.
- Comprometémonos ademáis a proporcionar formación específica á Policía Local, para que a atención que precisen ás persoas do colectivo LGBT se adecúe ás necesidades de cada unha das persoas que a demandan.

2.E. SANIDADE

A sanidade pública está sufrir non últimos tempos un ataque sen precedentes. O desmantelamento por unha banda, e a falta de previsión para cubrir as vacantes por outra, provocan un caos de desatención a poboación e a precariedade laboral aos profesionais sanitarios. As competencias municipais neste ámbito son escasas, pero non podemos deixar de facer constar o noso apoio decidido á sanidade pública, combatendo contra quen pretende debilitala e favorecendo en todo o que o Concello poida, a creación de novos equipamentos, melloras nas contornas dos centros sanitarios ou accesos e servizos.

En base a estas premisas, o BNG comprométese a

- Esixir á Xunta de Galiza que cumpra o compromiso adquirido no seu día para manter como equipamento sanitario o Hospital Provincial, adecuando as instalacións aos novos usos sanitarios aos que se destinen unha vez rematen as obras do novo hospital de Montecelo.

- Esixir á Xunta de Galiza que dote aos centros de saúde de Pontevedra, do persoal necesario para dar unha cobertura sanitaria acorde ás necesidades da poboación, tanto na atención primaria, na atención pediatría ou nas urxencias dos PAC.

- Colaborar coa Xunta de Galiza para que a construción do novo hospital de Montecelo se axuste aos prazos establecidos. Esixir á Consellaría de Sanidade e á Xunta de Galiza que tanto a dotación técnica como os medios profesionais sanitarios e non sanitarios, atendan sen colapsos nin listas de agarda á poboación que ten asignado como hospital de área.

- Colaborar coa Consellaría de Sanidade nun traspaso áxil e eficaz da UAD para que os usuarios e as usuarias de toda a área sanitaria sexan atendidos polos profesionais de saúde mental do SERGAS, tal como corresponde. Os traballadores e traballadoras da UAD adcritos ao Concello poderán escoller se prefiren seguir pertencendo ao cadro de persoal do Concello ou adcribirse ao SERGAS.

- Apoiar ás asociacións en defensa da sanidade pública.

2.F. EDUCACIÓN E INFANCIA

A colaboración coa FANPA para manter os comedores escolares estará garantida, máis traballaremos para que a Consellería de Educación se faga cargo deste servizo. No caso do convenio para as ludotecas extraescolares seguiremos invertindo no lecer dos cativos e facilitando a conciliación familiar.

As crianzas son unha parte imprescindible da sociedade e estamos decididas a poñer en marcha un espazo de participación para que nos acompañarnos no proceso de creación da cidade. O Consello da Infancia estará formado dun equipo multidisciplinar onde estean recollidos, entre outros, perfís pedagóxicos, urbanísticos ou culturais, que deseñarán un programa de intervención escolar traballando unha temática en cada edición. Así estudiamos os parques infantís, as zonas axardinadas, os montes, o transporte, a diversidade funcional, os biorresiduos, os entor-

nos escolares e todos aqueles aspectos que se consideren que afectan directa ou indirectamente a un desenvolvemento da infancia feliz e participativo. O traballo culminará nun encontro para o debate que elevará as súas conclusións ao Goberno Municipal, coa presenza do alcalde e os concelleiros e concelleiras responsabeis das diferentes áreas. Comprometémonos a incorporar no traballo municipal, aqueles aspectos que non colisionen coa lexislación vixente ou que afortalen o modelo de cidade que o BNG ten para Pontevedra.

2.G. MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN

Os concellos teñen a sonda de seren a escala administrativa que boa parte da veciñanza entende como a máis achegada e onde se acode cada vez que non se sabe nin onde nin como resolver un problema. Sen embargo, practicamente carecen de capacidade normativa para ordenar a súa xestión e deben acollerse a unha normativa emanada de Xunta, Estado e Unión Europea con intereses e obxectivos diferentes dos da administración municipal.

Toda esta normativa xera unha burocracia esaxerada que retrasa e dificulta proxectos básicos para as cidades tanto polos trámites que se impoñen como pola dificultades de interpretación de toda a normativa vixente.

Por outra parte, as posibilidades que existen hoxe en día para mellorar a xestión e a administración municipal, tanto pola existencia das novas tecnoloxías como pola altísima formación, coñecemento e experiencia acumulados no concello de Pontevedra, abren un amplísimo campo de traballo para a mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.

As bases para a mellora están sentadas (edificio de Ferreiros, reformas executadas en Michelena 30, novas ordenanzas aprobadas, administración electrónica en marcha . . .) e agora xa comezamos a ver unha administración eficiente e centrada en atender ás necesidades da cidadanía.

Somos conscientes de que este cambio é dos máis complexos que temos que abordar e de que os cambios sempre xeran dificultades. Por iso, o goberno encabezado polo BNG vai desenvolver as seguintes liñas, obxectivos e medidas concretas durante os vindeiros anos:

- Ter como vara de medida de todas as decisións a mellora do servizo que se presta ás veciñas e veciños: o obxectivo último da administración é facilitar a vida das persoas, non converter nun fárrago cada paso que se dá nunha oficina.

- Mellorar as instalacións municipais. Algunhas dependencias administrativas, sinaladamente en Michelena 30 e o edificio de Churruchaos, teñen que ser reformadas. Mentres outros servizos precisan agrandar as súas instalacións, por exemplo o arquivo ou xefatura da policía).

- Profundizar na racionalización e organización do traballo administrativo., Definindo claramente as obrigas do persoal no cumprimento das súas funcións e sendo garante máximo dos seus dereitos como persoas traballadoras, cuestión que está no ADN do Bloque Nacionalista Galego.

- Accesibilidade universal tamén na relación coa administración municipal. A mellora da relación entre persoas administradas e administración esixe desta un inmenso esforzo de formación das persoas traballadoras, de facer comprensíbel a linguaxe, de implementación de novas vías de comunicación (administración electrónica, páxina web, aplicacións para móbil, correo electrónico, teléfono . . .), de facer os trámites máis doados e de axilidade na xestión (tramitación de licenzas e permisos, pagamento a provedores ou resposta ás demandas veciñais).

2.H. POLÍTICA FISCAL

XESTIÓN FISCAL

Existe unha constatación palpábel sobre a insuficiencia dos recursos económicos cos que contan os concellos para atender o elevado número de servizos que prestan á cidadanía. Ademais podemos afirmar que o actual marco tributario local resulta particularmente inadecuado a respecto das necesidades económicas e financeiras que require a actuación da administración municipal. É un marco conflictivo e problemático para os concellos, debido á súa falta de flexibilidade, así como á ausencia absoluta de equidade como consecuencia da non consideración persoal do contribuínte na maior parte dos tributos que integran o sistema fiscal local.

O sistema fiscal local é, pois, un sistema pouco equitativo, ríxido, insuficiente, e as máis das veces, regresivo. A súa reforma pasa pola adecuación das bases á actividade económica actual e por procurar un financiamento máis independente para todos os concellos.

Neste sentido, o BNG considera necesario actuar en dous niveis diferentes: modificar o actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE), propiciando a integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galiza, adaptando así a participación ás carac-

terísticas do territorio e da organización local galegas e promovendo a aprobación dunha Lei Galega de Facendas Locais, que constitúa o marco de referencia do financiamento municipal, que promova a autonomía financeira municipal tanto no que fai referencia á ordenación e xestión dos tributos.

Para o BNG é fulcral traballarmos nunha política tributaria municipal que estea ao servizo da veciñanza e para iso o Concello debe utilizar todos os instrumentos fiscais de que dispón para complementar a súa financiamento, particularmente as taxas e prezos públicos cuxa recadación deberá de cubrir os custos do servizo prestado.

É por iso que o goberno do BNG comprométese a

- Seguir traballando na loita contra a fraude fiscal constitúe una vía importante para aumentar o nivel de recursos dispoñíbeis e obter unha mellor distribución social da carga fiscal efectiva. Esta medida implica incrementar a dotación de recursos humanos e materiais para unha inspección fiscal eficiente e, así mesmo, a actualización permanente dos censos de contribuíntes.

- Xestionarmos intensa e eficazmente para a captación de recursos diante de outras administracións, incluídos os fondos de programas europeos, para abordar proxectos de infraestruturas das diferentes áreas de funcionamento do Concello.

- Utilizaremos o cofinanciamento, fundamentalmente con outras administracións, de cara a anticipar programas de investimento de competencia municipal.

- Estabilizaremos a presión impositiva de cara a evitar subas desmesuradas e discontinuas, sobre todo tendo en conta que estamos nunha época de crise.

PROPOSTAS EN MATERIA DE INGRESOS. OS IMPOSTOS

Na liña da racionalización da fiscalidade, e tendo como obxectivo garantir a suficiencia fiscal, a autonomía financeira e a equidade, o BNG promoverá as seguintes medidas:

Imposto sobre Bens Inmóbeis

A transferencia de competencias sobre xestión catastral á Comunidade Autónoma, acompañada do establecemento de convenios co adecua-

do financiamento para que os concellos poidan xestionar os cambios de dominio e os cambios físicos, así como ter participación efectiva nos relatorios de valores.

A transferencia aos concellos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais, no que atinxe ás entregas de terreos e segundas e posteriores edificacións, para complementar o circuíto da imposición inmobiliaria e mellorar a xestión.

Imposto sobre Actividades Económicas

O BNG sempre defendeu a exención do IAE para as pequenas e medianas empresas e autónomos. Para que esta modificación non afecte negativamente ás facendas municipais, o BNG seguirá a solicitar do Goberno Central que o concello participe na cesión da recadación de impostos do Estado: IRPF, IVE e Impostos Especiais sen que implique unha redución de facto nos seus ingresos.

Imposto que grava o incremento de valor dos terreos de natureza urbana

O BNG é partidario da súa conversión nun recargo do imposto sobre transmisións patrimoniais, de tal xeito que a súa exacción sexa conxunta e se eliminen trámites aos contribuíntes.

Medidas complementarias

O BNG solicitará, no marco da reforma do Sistema Fiscal Local, a adopción das seguintes medidas complementarias, tamén de competencia estatal:

- Devolución aos concellos do IVE que estes pagan como consumidores finais, nomeadamente nos investimentos.
- Estabelecemento nos orzamentos xerais do Estado de compensacións en dirección aos concellos por inmóbeis da Igrexa Católica, bens afectos á Defensa, e outros, froito dos compromisos internacionais do Estado.
- Simplificación e axilización das compensacións por colexios concertados e outras.

Taxas e prezos públicos

O BNG considera que a prestación e xestión dos servizos públicos locais debe racionalizarse, ligándoos a fórmulas financeiras que permitan in-

corporar no prezo dos mesmos non só o custo da subministración senón tamén o valor do investimento financiado polo concello actualizándose de maneira paulatina ao seu respectivo custo.

No reparto das cargas tenderase a considerar, ademais dos de eficiencia económica, criterios de equidade, de tal xeito que na súa contía se teña en conta a capacidade económica dos usuarios e usuarias do ben ou servizo.

Ademais, o BNG reclamará unha solución normativa á tributación local para participar, ademais de nas taxas xa previstas por ocupación do subsolo, do voo, no espazo radio-eléctrico (incluída a telefonía móbil e os tendidos eléctricos) e na ocupación de vía pública (caixeiros automáticos, gaseoducto, outras canalizacións, etc.) por parte de empresas privadas.

Arrendamentos e concesións

Como criterio xeral, e sempre que sexa posíbel, o BNG defenderá a xestión pública dos servizos municipais. O BNG defende un proceso de comarcalización real e efectivo, que dote de personalidade xurídica e capacidade operativa ás comarcas, que asumirían boa parte das competencias das Deputacións. Neste contexto, o BNG seguirá a propor fórmulas comarcais ou mancomunadas para a xestión de determinados servizos para poder incrementar a súa oferta aos cidadáns e cidadás.

Endebedamento municipal

A lexislación en materia de estabilidade orzamentaria coarta gravemente a autonomía municipal e limita de maneira substancial as posibilidades de financiamento dos concellos, dificultando de xeito extremo o recurso ao endebedamento, mesmo para acometer investimentos prioritarios e básicos do concello.

O BNG, que entende o endebedamento público, necesario e soportábel, como un outro mecanismo de obtención de ingresos, segue a considerar imprescindible a derogación da devandita lexislación e, en tanto, promoverá un programa de medidas para que o obxectivo de estabilidade sexa fixado tendo en conta a situación económico-financeira de cada concello en particular e tendo presentes as características específicas dos concellos galegos.

Transferencias de capital

Ao mesmo tempo propomos a utilización de criterios de reparto alternativos aos contemplados actualmente para as transferencias do Estado, mediante a incorporación, xunto co de poboación, doutros criterios acádidos á realidade dos concellos galegos tales como a extensión territorial, densidade de poboación, dispersión poboacional, etc.

PROPOSTAS EN MATERIA DE GASTOS

Comarcalización da xestión de determinados servizos que resultan especialmente gravosos para o Concello, nomeadamente o servizo de bombeiros tal como se ten solicitado por parte da Administración Municipal, e no que están implicados tanto a Xunta de Galiza como a Deputación.

3. PONTEVEDRA REFERENTE

**LORES,
PAIXÓN
× PONTEVEDRA.**



3.A. MOBILIDADE E SEGURANZA VIARIA

Cando no ano 1999 se retiraban os vehículos do centro histórico ou cando no ano 2003 se colocaba o primeiro reductor físico da velocidade nas Corvaceiras, Pontevedra comezaba a dar os primeiros pasos dun camiño de éxito que hoxe ten o noso concello convertido nun referente mundial, tal e como acreditan os numerosos premios e recoñecementos recibidos e, sobre todo, polo éxito colectivos de non padecermos ningunha morte por violencia viaria nos últimos 12 anos.

Entregar a cidade aos vehículos, ás súas “necesidades” de mobilidade e estacionamento, provocou nas cidades importantísimos problemas de inseguridade, de contaminación ou de falta de autonomía para as crianzas e as persoas de máis idade. Ademais, é un factor importantísimo para acrecentar a crise climática cuxos efectos padecemos a cada día de xeito máis agudo.

Os problemas de contaminación e a emerxencia climática, están obrigando a moitísimas cidades de todo o mundo adoptar medidas extremas, agresivas e discriminatorias para solucionar os problemas que Pontevedra sabe abordar mellorando a calidade de vida das súas veciñas e veciños.

Neste sentido, nos vindeiros anos, o principal reto que van ter que afrontar as cidades de máis de 50.000 habitantes de todo o Estado é a implantación das Zonas de Baixas Emisións e van ter que facelo cunha lexislación moi restrictiva que aposta nun modelo discriminatorio pola esixencia de investir na renovación dos vehículos e no pagamento dunha peaxe por circular ou estacionar, coas consecuencias obvias para as rendas medias e baixas e para o comercio de proximidade.

Eis a disxuntiva que se formula nos vindeiros anos: ou avanzar cun modelo de éxito como o de Pontevedra ou recuar cara un modelo no que os vehículos de quen poidan pagar invadan outra vez o espazo das persoas.

Neste contexto onde Pontevedra é unha das moi poucas cidades do Estado co seu PMUS aprobado e a súa ZBE xa deseñada e ratificada, o BNG propón os seguintes obxectivos para avanzar:

- Garantir unha mobilidade equitativa
 - que non esixa investimentos nin o cobramento de peaxes por circular ou estacionar en ningunha zona do concello.
 - que trate igual o centro, os barrios e as parroquias.

Todos os obxectivos e medidas concretas que se relacionana a seguir, contribúen a este obxectivo

- Priorizar a mobilidade activa peonil e ciclista e rehabilitar de xeito progresivo o espazo público en todo o concello para facelo seguro e con sensación de seguranza.

Neste sentido, considérase prioritaria a atención a toda a fronte marítimo-fluvial e a súa conexión e aqueles barrios e parroquias nos que hai proxectos en máis alto grao de maduración (Rosalía de Castro, A Santiña, rúa do Castañal, Luís Seoane, Almirantes Matos e os núcleos de centralidade de Santa María de Xeve e Verducido).

As conexións peonís e ciclistas con outros concellos, onde pode abordarse o carril bici (e nalgúns casos as interparroquiais) esixen demandas a outras administracións para levaren a cabo promesas longamente incumpridas por outras administración (paseo a Marín e urbanización da estrada de Vigo polo goberno do Estado e estradas de Vilagarcía, Campo Lameiro Ponte Caldelas pola Xunta de Galiza)

- Continuar reducindo o tráfico de paso e de axitación, que reduce a emisión de gases contaminantes, elimina ruídos innecesarios, mellora a distribución de último quilómetro e facilita a cada veciña o veciño a utilización do seu vehículo cada vez que o precisar.

Eduardo Pondal é a zona da cidade con maior nivel de tráfico de paso innecesario e, polo tanto, deberá ter un tratamento especial para reduci-lo. Por outra parte, a conexión de Monte Porreiro coa avenida de Bos Aires está duplicada, o que debe terse en conta para suprimir todo o tráfico innecesario da beira do río.

Retirar tráfico de paso tamén esixe unha nova conexión entre as estradas de Santiago e Vilagarcía, a coñecida como variante de Alba, tamén para evitar funil para camións de San Caetano e, por suposto, para facer máis seguro o Camiño de Santiago.

O BNG tamén vai esixir que se execute o Nó de Bombeiros.

Este obxectivo é especialmente importante nas contornas dos centros escolares, deportivos, sanitarios e a administrativos para gañar en sensación de seguranza viaria.

Por fin, hai que atender ás necesidades que xurdan para completar a rede de estacionamentos de borde.

- Atender prioritariamente ás persoas con máis necesidades e dificultades de mobilidade. No concreto comprometémonos a adaptar os semáforos para as persoas cegas e a colaborar coas entidades representativas para garantir unha accesibilidade realmente universal no espazo público.

- Prestar especial atención ás zonas de maior atracción de persoas para garantir a mobilidade peonil neses ámbitos, especialmente nos xa citados centros escolares, deportivos, sanitarios e administrativos e tamén nas paradas do transporte público colectivo e dos taxis.

3.B. COHESIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAIS

Tomar a medida dun grupo social, quer unha comunidade pequena (un centro de ensino, unha entidade social . . .) quer a veciñanza dunha cidade, quer unha nación, pode facerse, como se estivesemos nun laboratorio, con métodos estatísticos sistematizados ou pode abordarse dende o coñecemento profunfo que proporciona a vivencia continuada, o trato coas persoas coas que convivimos, o coidado que procuramos e outorgamos á nosa rede social.

Dende aí vemos xurdir unha Pontevedra que se caracteriza, xa ben entrada o século XXI, polo seu orgullo de pertenza a unha comunidade que se sabe entre a vangarda das cidades do mundo pero que non se conforma, senón que amosa un grao moi elevado de esixencia cando ten que definir os estándares de calidade nos que quere desenvolverse. E isto vale tanto para os servizos que demanda das administracións, como para a calidade do espazo público, por describila con dous exemplos.

Precisamente é esta característica a que lle permite á sociedade pontevedresa fixarse metas e obxectivos que outras sociedades non dán siquera albiscado ou supoñen inalcanzábeis. O proceso de transformación urbana sería por suposto impensábel sen a participación da veciñanza, mais outros proxectos que se fixou a sociedade pontevedresa e son hoxe referentes responden a ese mesmo carácter.

A Feira Franca, o Salón do Libro, a RedeAxuda, a residencia para persoas con parálise cerebral, a rede autoxestionada de centros sociais, a Pasarela Debut, o festival dos Novos Cinemas, sermos a capital mundial do triatlón e un longo etcétera fálannos dunha sociedade ambiciosa, dinámica, botada para adiante e que non ve, agora mesmo, os límites que pode ter na súa mellora.

Nos anos que temos por diante, goberno do BNG comprométese a traballar cóbado con cóbado coa sociedade organizada e a estar á altura das metas que Pontevedra se fixa. Para isto sabemos que hai que mellorar os procesos democráticos de participación social.

A pandemia supuxo un retroceso nos procesos de participación social que definen os gobernos do BNG e imponse un proceso de reflexión para repensar e recrear as formas de facer política, romper coas rutinas, multiplicar as canles de relación entre os gobernos e a cidadanía, abrir novas vías de participación social e de implicación da sociedade nos asuntos públicos. En definitiva, un proceso que nos leve á procura de novas formas de participación que primen a conciencia colectiva e o interese común.

O BNG é consciente, porque está no seu ADN, de que estamos diante dunha arela colectiva que pode permitirnosa superar as eivas da democracia representativa que por unha banda alonxa ás cidadás e cidadáns da toma de decisións e, pola outra, ás persoas representantes políticas da imprescindible dación de contas e asunción de responsabilidades diente da veciñanza.

En Pontevedra temos fomentado ao máximo posíbel a participación social na toma de decisións a través dos Consellos Parroquiais, de Barrio e Sectoriais, mediante asembleas veciñais e, por suposto, coa rede de centros sociais e instalacións deportivas autoxestionadas. Mesmo en tempos de pandemia, buscáronse novas vías de participación con asembleas e consellos telemáticos.

Nestes tempos de post-pandemia, multiplícanse as iniciativas do BNG no goberno para buscar novas vías de participación (proposta de reforma da rúa Altamira), da veciñanza para asumir responsabilidades (a xestión do pavillón de Monte Porreiro polas ANPA's e o C.F.) e novas formas colaborativas de abordar proxectos (o novo local da asociación Gaming Troop). Todas elas, experiencias que son un punto de partida moi firme dende o que avanzar e aprofundar nos procesos participativos de toma de decisións por parte da cidadanía, un proceso para, en definitiva, aprofundar na democracia.

En consonancia co antedito, o goberno do BNG asume como unha das liñas centrais o compromiso de incrementar os esforzos na participación tanto no nivel sectorial como no territorial.

Para avanzar nesta liña, o BNG no goberno comprométese a facer avanzar Pontevedra con catro obxectivos prioritarios

1. Maior calidade democrática: profundizando na democracia participativa, incentivando a participación da cidadanía na identificación das súas necesidades e na resolución dos problemas do territorio en que vive.

2. Maior cohesión social, creando espazos para a relación social e a convivencia, potenciando as actividades sociais, culturais e festivas creadoras de identidade e orgullo colectivo.

3. Maior calidade de vida, ampliando os logros da calidade urbana ás zonas nas que aínda non se actuou e propiciando un desenvolvemento equilibrado entre o centro urbano, os barrios e as parroquias.

4. Maior equidade: promovendo a xustiza social e o goberno para a maioría.

No concreto, o BNG adoptará como medidas a desenvolver

.- Completar a rede de centros autoxestionados sendo obxectivos prioritarios os novos centros sociais de Bora, Acevedo e Ponte Sampaio e a reforma integral do Centro Sur e o Centro Social de Monte Porreiro.

.- Seguir reforzando o papel dos Consellos parroquiais e de barrio como fórmula máis acaída para trasladar e priorizar as necesidades e as mellores solucións para executar no territorio. Aumentar a frecuencia da súa convocatoria, os asuntos para tratar e constituir a Mesa por Monte Porreiro.

.- Procurar novas formas de participación da veciñanza na toma de decisións e na asunción de responsabilidades, seguindo exemplos locais como o da rúa Altamira ou máis globais como o Placemaking.

.- Apoiar as iniciativas emanadas da sociedade pontevedresa e galega que melloren a calidade democrática da sociedade.

.- Crear novas canles de participación cidadá electrónicas, que favorezan a consulta, o debate e a información da cidadanías sobre os asuntos do seu interese e a súa relación coa administración municipal, a través do impulso ao sistema de información xeográfica "Catafís".

.- Poñer en marcha o Consello da infancia como espazo de debate e de impulso de medidas que melloren a cidade e a calidade de vida da veciñanza no seu conxunto, e dos máis novos en particular.

3.C. A BIENAL DA CREAÇÃO E DO DESEÑO CONTEMPORÁNEO

Pontevedra ten ben fincados no chan os piares que a convirten nunha cidade de referencia na vangarda do deseño urbano e a creatividade por historia, por tecido empresarial, por universidade, polos grandes talentos individuais cos que contamos e pola experiencia en organización exitosa de grandes eventos.

Dende a fundación do Café Moderno e a visita de Lorca até o Showroom Ambience, que se vai desenvolver no ano 2024, conseguimos colocar este pequeno concello no foco de atención de deseñadores, urbanistas, arquitectas e un sinnúmero de profesionais e organizacións que miran cara a nós para aprenderen. Boa proba disto foron a recente Place Making Week e as visitas de axencias de deseño urbano francesas e suízas.

Pontevedra non pode permitirse o luxo de dar pasos cara atrás neste ámbito que só pode supoñer oportunidades para as persoas emprendedoras e as empresas, atracción de visitantes e, por suposto, coñecemento e experiencia para avanzar.

Para que Pontevedra dea un salto cara adiante na vangarda o goberno do BNG porá en marcha a Bienal da Creación e o Deseño Contemporáneo, para o que se propoñen como liñas de actuación:

- Creación dun grupo multidisciplinar local encabezado e coordinado por Lola Dopico e Teresa Táboas para coordinar todos os traballos.
- Elaborar un proxecto transversal que vaia dende a cidade ao rural, dende a empresa ao autónomo, dende a historia á innovación, dende o privado até o público.
- Convidar grandes artistas, creadores/as, pensadores/as, investigadores/as de talla mundial, pero tamén as nosas xentes e poñelos en relación con experiencias locais terán un especial protagonismo pola súa singularidade e polo seu éxito.
- Desenvolver unha programación ampla en canto a espazos (o Pazo, o teatro, o Museo, salas de exposicións, as rúas e prazas, os locais sociais da cidade e do rural) e actividades (conferencias, charlas, debates, exposicións, residencias artísticas e creativas, espazos de investigación...).
- Prestar especial atención aos retornos que poida producir a programación da Bienal de visitantes, como dinamizadora da actividade económica local e obtendo experiencias que nos sirvan para aplicar no noso día a día de cidade.

3.D. O MUSEO NACIONAL DA GALIZA

A incorporación do Convento de Santa Clara á vida cidadá, que vai marcar o devir da Pontevedra dos vindeiros decenios, é o principal reto que temos por diante como sociedade.

Temos o privilexio de asistirmos ao momento máis importante da historia do Museo de Pontevedra despois da súa fundación e a responsabilidade como sociedade de estarmos á altura de quen o imaxinaron, xestionaron e nolo legaron como a grandísima institución que hoxe é.

Esta nova fase da relación do Museo con Pontevedra vai ter dúas patas. Dunha banda, a abertura e incorporación dos xardíns de Santa Clara á vida de Pontevedra tras máis de 700 anos pechados sería en si mesmo un obxectivo de primeirísima orde. Pola outra, a rehabilitación do propio convento vai server para que o Museo de Pontevedra poida formularse o reto de avanzar e converterse no Museo Nacional da Galiza.

Este reto, para se converter nun éxito, debe envolver a toda a sociedade pontevedresa e a todas administracións. Así se ten demostrado até agora coa colaboración fructífera de Concello e Deputación.

O Concello de Pontevedra non escatimará ningún esforzo para dotármolos do Museo Nacional de Galiza e esixirá con firmeza e o máximo grao de colaboración o mesmo compromiso de Deputación, Xunta de Galiza e Goberno do Estado.

4. A EXPLOSIÓN CREATIVA

**LORES,
PAIXÓN
X PONTEVEDRA.**

4.A. ECONOMÍA CREATIVA

Segundo a UNESCO, a economía creativa non só abrangue bens e servizos culturais, senón calquera outro sector que profundice na investigación e no desenvolvemento. Por tanto referímonos ás actividades e procesos culturais, parte importante desta nova economía, e tamén ás manifestacións creativas en ámbitos que non serían contemplados como culturais (software, arquitectura, videoxogos, gastronomía, moda . . .) e por suposto tamén as vinculadas á economía do coñecemento, telecomunicacións e robótica.

Pontevedra está convertida nun ecosistema de creatividade, tanto polo labor municipal como polo impulso dunha sociedade moi activa organizada no movemento asociativo e nun tecido empresarial moi potente a nivel de proxectos que se inician e outros xa ben posicionados mesmo a nivel internacional. Tamén hai que ter presente o proxecto de especialización en creatividade do campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, que abre un amplo campo de traballo a fin de que o alumnado teña un clima favorable para decidir facer un proxecto de vida en Pontevedra.

O concello de Pontevedra está moi ben posicionado para desenvolver un traballo específico en economía creativa que aporta valor social ao valor económico e constrúe as cidades máis avanzadas.

Sobre os cimentos firmes que son programas do altísimo nivel de Pont Up Store ou Sétima Feira e, sobre todo, sobre as máis de 100 empresas que forman a rede de empresa creativa “Pontevedra ten un puntazo” temos a oportunidade de levar á práctica unha acción de goberno na que:

- Seguiremos en diálogo permanente co sector para coñecer as súas necesidades formativas.
- Impulsaremos proxectos que xeren sinerxias rede Pont Up Store. Entre estes proxectos, terá un papel destacado a central de compras que minimize os gastos de cada empresa en base a colaboración entre elas.
- Converteremos Sta. Clara na sede fixa da Redeira para que as persoas emprendedoras, autónomas, en búsqueda de oportunidade laborais, empresarias, xubiladas activas, nenos e nenas, re-emprendedoras poidan coxestionar os seus proxectos coa colaboración do Concello de Pontevedra.
- Crearemos o “Espazo expositivo experimental efémero” con zona de obradoiros creativos e espazos de venda en baixos baleiros que servan de apoio a proxectos creativos noveles

- Laboratorio da creatividade na antiga sede do Conservatorio, que se converte así na primeira aceleradora de economía social da Galiza
- Apoiar a profesionalización do sector emerxente local a través de actividades de capacitación e facilitando a súa programación como proposta artística con iniciativas como Galegote, Cabos Soltos, Arte e Parte ...
- Colaboración no proxecto de especialización “Campus Crea” apostando na creación do grao de Deseño.

4.B. MOCIDADE

A mocidade forma parte desa expansión colectiva da Pontevedra da creatividade. A posta en marcha de diversos programas vencellados á creatividade, como é o caso de Noites Abertas, o Local de Música ou Xeración Sónica están a favorecer esta expansión de creatividade. Queda moito camiño por percorrer, mais os primeiros pasos están dados.

Os últimos anos serviron para poñer consolidar unha programación continuada durante todo o ano no eido xuvenil, con diversos programas enfocados á formación en materia feminista, en competencias chave para a empregabilidade, a música e o ocio xuvenil, tanto no inverno como no verán.

Mais existen unha serie de retos que debemos afrontar nos vindeiros anos para continuar a mellorar o traballo feito nos últimos tempos:

- A curto prazo, a licitación do contrato de xestión do Local de música eríxese como un dos novos retos a atallar desde a área. Un novo contrato que afronte a realidade actual deste equipamento, diferente á de hai 15 anos cando abriu as súas portas: bandas máis pequenas (incluso unipersoais), outros horarios, novos públicos, novo equipamento musical...
- A medio prazo, cómpre traballar na reforma deste espazo e continuar a consolidalo como lugar de socialización. Máis alá dun Local de Música, a día de hoxe case nos atopamos cunha “Casa da xuventude”, onde están a pasar moitas máis cousas que ensaios. No día a día prográmanse actividades da concellaría de xuventude, xuntanzas de bandas, actividades culturais, entrevistas, gravación de podcast... Cómpre poñer en valor todas estas actuacións e seguir a avanzar na integración, creando sinerxias e propostas que contribúan a afortalar a inmensa creatividade da mocidade.

Así mesmo, somos conscientes de que a nosa cidade conta a día de hoxe con unha universidade e cun Campus especializado na creación, co que debemos seguir a traballar man a man, para acompañar á mocidade que estuda e quere dar os seus primeiros pasos.

Pontevedra está en disposición de dar un novo salto a diante, con renovadas instalacións e programas que continúen a favorecer e apoiar a creatividade desde a xente máis nova.

4.C. TIC E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O acceso ás novas TIC pode ser unha ferramenta poderosa para mellorar a vida das persoas e para fomentar o desenvolvemento económico e social de Galiza.

Nos últimos anos puxéronse en marcha unha serie de medidas específicas para garantir que todas as persoas teñan acceso á administración electrónica. Entre estas medidas incluíuse a creación de titoriais de formación en emprego dos novos sistemas para persoas de todas as idades, o apoio no contacto coas administracións ou a cita previa. Así mesmo, o desenvolvemento de programas internos para a xestión, impulso e modernización da administración pública está a dar moi bos resultados. Queremos seguir a afondar na mellora da calidade organizativa, con medidas que avancen na eficacia dos procesos e na transparencia, evitando distorsións e duplicidades.

No que respecta ao apoio a entidades e asociacións no eido tecnolóxico, cómpre seguir a apoiar as iniciativas relacionadas co mundo dixital. A aposta nos últimos anos por difundir o mundo dos videoxogos ou da creación tecnolóxica a pequena escala, como é o caso das colaboracións con Gaming Troop, Fab Lab (integrado na PontUp Store) ou Ponte Labs, comeza a dar os seus froitos posicionando a Pontevedra como un referente nestes aspectos. A primeira edición do Lérez UP no ano 2022 trouxo a Pontevedra a máis de 3000 persoas nunha programación apta para todos os gustos, como charlas, talleres, concursos ou torneos, converténdonos nun punto de encontro de referencia ao que mirar cando se fala de mocidade e videoxogos.

Cómpre seguir apoiando estas iniciativas, nalgúns casos con xente moi nova, que teñen un potencial amplísimo para posicionarse na vangarda da innovación.

5.

PONTEVEDRA DINÁMICA

**LORES,
PAIXÓN
× PONTEVEDRA.**



5.A. FESTAS

En Pontevedra mantivéronse e actualizáronse as festas populares de todo tipo de orixe, tanto de carácter histórica (Feira Franca), antropolóxica (Os maios), estacional (Festa do outono) ou parroquial (San Benitiño). Todo isto combinándoo con novos eventos e con outras actividades económicas existentes.

As festas, fan parte do propio modelo de cidade e da concepción dos espazos públicos destinados ás persoas, as rúas e as prazas son os campos da festa e os torreiros do rural, os espazos que acollen tanto a parte profesional (actuacións e producións artísticas derivadas), como a parte veciñal (o público asistente). Neste sentido, faise necesario manter a implicación e participación dos diferentes colectivos na organización dunha parte importante de ditas festas, así como o sentido de pertenza e o orgullo que supón para a toda a veciñanza e visitantes a asistencia ás mesmas.

Os diferentes ciclos festivos do Concello, ademais do espírito lúdico-recreativo tamén implican valores que é fundamental seguir fomentando: a participación social, a dinamización económica, a promoción e recuperación da identidade cultural, a participación da veciñanza en todo o ámbito territorial, as relacións interxeracionais e o respecto coa tradición e a identidade cultural.

O goberno do BNG tamén se compromete a implementar unha liña de traballo para documentar as festas de espírito popular e, promovendo o estudo histórico e a compilación de información de carácter etnográfico, de cara a constituír un corpus bibliográfico que veña a cubrir o oco existente neste ámbito.

5.B. CULTURA

CULTURA

Os piares sobre os que se edificou a cultura no Concello de Pontevedra defínense en base a promover unha cultura galega participativa e estable, con canles que permitan o acceso a toda a poboación a unha formación cultural que promova a expresión e a creatividade nas súas diferentes manifestacións; unha cultura lúdica, diversa e dinamizadora económica da cidade. Unha cultura que cohesiona.

A análise dos principais indicadores económicos do sector cultural en Pontevedra ofrece unhas cifras moi relevantes no contexto galego, froito das políticas públicas de apoio e unha aposta decidida polo impulso das actividades culturais, que constitúen un dos eixos centrais da política municipal do BNG. Así o I Informe do Sector Cultural 2022 feito pola Universidade de Vigo indícanos que:

- Hai 80 empresas na comarca, 61 delas no Concello, que dan traballo a 765 persoas na comarca e a 225 no Concello, cunha facturación global de 156.934.937 euros e un valor engadido por emprego de 53.272 euros. A estes datos hai que sumarlles os 1.400 empregos autónomos. O resultado é 2.400 empregos directos no sector cultural.

- Temos máis de 45 eventos municipais estables ao ano e no conxunto da programación vimos destinando máis de 5 millóns de euros anuais. O Salón do Libro, o Surfing the Lérez, Cabos Soltos, Matinés, Núbebes, A Feira Franca ou Novos Cinemas son exemplo deles.

Malia o forte parón que provocou a pandemia, impulsáronse programas para que Pontevedra tome posicións como a capital da Banda Deseñada, coa primeira edición de BDra Gráfica. A Danza tamén se abre camiño e seguirá facendoo co ciclo de DanzaPontevedra, onde participarán as escolas da cidade acompañando ao máis relevante do panorama coreográfico galego e internacional. Mulleres e Inspiración e A Foto51 iniciaron a súa andaina coa vocación de afianzarse e ir medrando, dandolle visibilidade ás mulleres na música clásica e na ciencia.

Estas bases sobre as que Pontevedra traballa son unha o punto de partida para seguir avanzando polo que o goberno do BNG formúlase as seguintes liñas de traballo prioritarias:

.- As artes da imaxe e o audiovisual teñen un lugar destacado nas propostas de futuro, facendo partícipe no só a Universidade, a través dos estudos de Belas Artes e Comunicación, senón a toda a cidadanía, promovendo proxectos participativo de creación audiovisual que xuntan aos mellores cineastas do momento coas veciñas e cos veciños. Reunir baixo o mesmo teito a creatividade do audiovisual co patrimonio material e inmaterial de Pontevedra e as súas xentes, con enfoque de xénero e respectando e impulsando a deversidade. Un gran festival será o ramo a esta colaboración, que afonda na participación activa da cidadanía e dos colectivos na programación cultural municipal. O Audiovisual e a fotografía ten que tomar a cidade, sumando sinerxias, creando novos espazos e nova programación que acompañe a que xa está consolidada, como son Novos Cinemas e a actividade do Cine Club. A Film Comisión

debe ser unha ferramenta dinámica que faga de arquivo de Pontevedra no cine, que sexa proactiva nos contactos cos posibles rodaxes, que propoña rúeiros cinematográficos, en definitiva, que colabore activamente nas políticas de impulso ás artes da imaxe.

- **EQUIPAMENTOS:** Os dous grandes focos culturais da cidade son o Teatro Principal e o complexo Pazo/Recinto/Sala de Exposicións, espazos moi utilizados pola sociedade pontevedresa representada tanto polo Concello como polas asociacións, escolas ou organizacións en xeral e chegou o momento de investir na súa remodelación integral con criterios de eficiencia enerxética (produción para autoconsumo e eficiencia no gasto), accesibilidade universal, mellora das infraestruturas especificamente culturais e respecto polo patrimonio.

Os proxectos xa redactados para o Teatro Principal e o complexo Pazo/Recinto Feiral/Sala de exposicións son a guía para estas intervencións.

- Reforma integral da esplanada superior do Pazo cos criterios que se definen no apartado “Novas actuacións de urbanización”

5.C. DEPORTE

A promoción da práctica deportiva contribúe a fomentar hábitos de vida saudábeis entre a poboación e constitúe unha alternativa de lecer que facilita a socialización entre veciños e veciñas, o coñecemento do territorio e realidades máis próximas e fomenta valores de esforzo, respecto, solidariedade e compañeirismo. Pero tamén dinamismo económico e proxección da cidade. Á vez que supón un motivo máis para sentírmonos orgullo do que somos a través dos logros dos nosos e nosas deportistas, clubs ou mesmo co éxito conseguido na organización dos diferentes eventos deportivos.

A situación privilexiada de Pontevedra, co complexo río-ría, a recuperación de espazos naturais para o goce e a práctica deportiva, o extenso patrimonio natural, xunto co propio modelo de cidade que facilita a práctica de deportes tanto no ámbito urbano como no rural, e a mellora ambiental coa calidade do aire, fan de marco perfecto para a práctica deportiva en espazos ao aire libre nunha perfecta conxunción co medio e a comunidade.

O goberno do BNG vai apoiar a extensión da práctica deportiva en base a cinco eixos fundamentais de traballo:

- Inclusión da perspectiva de xénero.
- Fomento do deporte de base e da práctica da actividade física entre toda a veciñanza con atención especial aos deportes tradicionais.
- Colaboración coas entidades e clubs deportivos.
- Dotación e mantemento de equipamentos deportivos.
- Potenciación de Pontevedra como sede de grandes eventos deportivos de carácter supramunicipal, aproveitando xa a imaxe positiva que existe da cidade como referente tamén na organización deste tipo de eventos.

Unha Pontevedra convertida na capital mundial do triatlón e referente noutros deportes despois da organización de eventos internacionais como o Campionato mundial de loitas olímpicas son a mellor demostración do éxito na estratexia de promoción da cidade en canto á súa proxección cara a fóra, supoñen un elemento de primeira orde na dinamización económica e na promoción de destino e desestacionalización turística.

As liñas de actuación prioritarias para o goberno do BNG son:

- A celebración en setembro de 2023 da Final Series Mundiais de Triatlón na nosa capital, aprobada por unanimidade da asemblea xeral da Federación Mundial de Triatlón, un obxectivo que nunca se formulou unha cidade do tamaño de Pontevedra.
- Construción do Complexo deportivo da Parda, que para alén da mellora da infraestrutura para a práctica deportiva, supón a creación do grande parque da Pontevedra Leste e un salto de calidade evidente para estes populosos barrios.
- Reforzar o servizo de deportes para atender o gran movemento deportivo da cidade, os eventos e as novas instalacións.
- Plan de mantemento e reforma dos pavillóns e outras instalacións deportivas existentes tanto no ámbito urbano coma no rural, con especial atención ao Campo de rugby de Monte Porreiro.
- Contrución do novo pavillón para ténis de mesa en Monteporreiro segundo as liñas de actuación marcadas no anteproxecto xa aprobado polo Concello.

5.D. PROMOCIÓN ECONÓMICA E COMERCIO

Para abordar calquera cuestión de índole económica desde o local, debemos facelo primeiro tendo en conta que é difícil adoptar medidas nun ámbito tan dependente do desenvolvemento económico do resto do país e da situación global; e sobre todo, partindo das nulas competencias que teñen os Concellos en economía (tanto promoción económica como emprego son competencias exclusivas da Xunta de Galiza), onde temos que adaptarnos a un marco normativo adverso que limita a capacidade de actuación dunha administración local, e por ende tamén, os resultados acadados.

Pero isto nunca nos freou, e aínda así, fomos quen de crear o caldo de cultivo para que aflorase un entorno de economía sustentable propia, xeradora de emprego de calidade e do dinamismo social e cultural que tanto caracteriza Pontevedra na actualidade.

Así podemos ver que a situación socio-laboral do concello goza de boa saúde, sobre todo en termos relativos con respecto ao resto de Concellos e cidades da contorna. Tras os datos obxectivos aportados polo estudo feito polo grupo de traballo de Desenvolvemento estratéxico, organización e territorio da Universidade de Vigo, Pontevedra preséntase como foco xerador de emprego creando neste momento máis de 50.000 postos de traballo para unha poboación de alta no réxime xeral de menos de 31.000, dun total de pouco máis de 83.000 habitantes.

É evidente que a maneira de concibir a política municipal destes últimos 24 anos e o modelo de cidade consolidado en Pontevedra, foron fundamentais para o crecemento económico e para xerar sinerxias conducentes a crear riqueza, fomentar o emprendemento, facilitar o traballo creativo, provocar a chegada e asentamento de xente nova... O camiño polo tanto está trazado e nel debemos avanzar.

Para abordar a promoción económica local debemos partir dunha diagnose certa para establecer unha planificación estratéxica que determine os obxectivos e as liñas de actuación que é necesario acometer. Para isto a metodoloxía que se debe seguir nas actuacións debe ser forzadamente participativa. Debe darse unha implicación real de todos os axentes económicos e sociais xa que estes desempeñan unha función esencial, tanto na mobilización da sociedade como na intermediación e aplicación das políticas de desenvolvemento local.

En consecuencia, o BNG comprométese a:

- Seguir afondando na colaboración coa Universidade de Vigo e o Campus crea, para axeitar a acción política á realidade concreta de Pontevedra, apostando por modelos baseados no desenvolvemento endógeno fronte a elementos externos e conxunturais de difícil permanencia no tempo. Nesa liña salientamos o Observatorio urbano de Pontevedra, con datos obxectivos arredor do desenvolvemento local, e o Observatorio da cultura, para analizar a información relativa ao sector cultural no Concello e o seu impacto económico, laboral e social.

- Continuar promovendo actividades económicas e sociais que conecten co sector privado incentivando proxectos conxuntos e implicando a todos os axentes económicos e sociais.

- Implementar e afortalar a posta en marcha da primeira aceleradora de economía social de Galiza que se prevé instalar no antigo Conservatorio, e que ten como obxectivo xerar emprego no ámbito da cultura, a innovación e a creatividade dotando de ferramentas e da formación necesarias a empresas e particulares que queiran desenvolver o seu negocio neste ámbito.

- Xerar valor engadido e dinamización económica e social a través da organización ou colaboración coa celebración de Congresos en ámbitos de interese para a cidade.

- Promover a impartición de Escolas obradoiro ou obradoiros de emprego, co obxectivo de mellorar a formación e empregabilidade das persoas desempregadas.

- Prestar información sobre trámites na creación de empresas, disposición de solo, tramitación administrativa relativa a licenzas e subvencións, ou calquera outra que sexa de interese directo do sector comercial e empresarial do Concello.

- Impulsar a relación coa Universidade, centros de formación ou calquera outra entidade ou centro de ensino ou investigación que permita mellorar a competitividade e os recursos do tecido económico do Concello.

- Creación de programas específicos que permitan o trasbase de coñecemento ao tempo que se crean novos xacementos de emprego na propia continuidade de negocios con peche por xubilación.

- Promover a celebracións e actividades na rúa, especialmente naquelas rúas que precisen dun maior impulso ou reforzo, para visibilizar e dinamizar o comercio de proximidade.

- Revitalizar o Mercado de abastos e o seu espazo gastronómico.
- Dinamizar o comercio de proximidade co desenvolvemento de iniciativas de incentivación do consumo no pequeno comercio, fortalecendo o tecido comercial e empresarial propio, apoiando o comercio local fronte ás grandes superficies comerciais e incentivando a compra de produtos de proximidade e galegos.
- Programas específicos para a hostalaría local que inclúan formación e capacitación profesional e en idiomas do seu persoal.
- Fomento da lingua galega en todas as actividades comerciais e de servizos.
- Aproveitar a estrutura de participación e financiamento establecida polo GDR de Pontevedra.
- Traballar na visibilización do produto local e de proximidade e da artesanía con actividades e xornadas de promoción.
- Potenciación da función comercial de Pontevedra como cabeceira dunha ampla comarca mediante campañas específicas de promoción e mellorando a adecuación da cidade e os espazos comerciais ás necesidades do sector e, polo tanto, ou o que é o mesmo, á comodidade das persoas que mercan.
- Fomento da cooperación e o asociacionismo entre o pequeno e mediano comercio, tanto nas áreas de xestión de compra e promoción que lles permita ser máis competitivos a nivel de prezos, como na formación, información, innovación, na realización de estudos económicos e de mercado ou mesmo na realización de proxectos conxuntos.
- Promoción da Zona Monumental como unha área comercial no seu conxunto, coa súa conseguinte potenciación feiral, cultural e recreativa.

5.E. TURISMO

O turismo constitúe unha actividade económica que xera postos de traballo e riqueza para o territorio, mais en todo caso debemos velar por un modelo turístico sustentábel, social e respectuoso co territorio, en contraste cun modelo netamente mercantilista.

O fundamental na planificación turística é ter ben claros e definidos os obxectivos a medio e longo prazo e fuxir de medidas curtopracistas que

non vaian na dirección dos grandes obxectivos fixados. O BNG ten claro que tipo de turismo quere fomentar e cal non. Queremos un turismo urbano, cultural, ambiental e gastronómico, é dicir, un turismo de calidade.

Está claro que a alta calidade urbana de Pontevedra na actualidade incide de maneira extraordinaria no Turismo e grazas a isto en parte, podemos orientar as nosas propostas cara a varias fortalezas diferenciadoras e niso nos comprometemos de cara aos vindeiros anos:

- Profundar nas características máis atraentes do modelo urbano de Pontevedra: a mellora ambiental (redución da contaminación aérea ou sonora); unha cidade pensada e centrada nas persoas; unha cidade inclusiva, integradora e igualitaria; unha cidade accesible e segura.

- Seguir impulsando a organización de grandes eventos deportivos.

- Continuar a promover unha programación cultural dinámica e alternativa.

- Insistir no formato de festas como parte integrante e integradora da rúa, con visibilización da tradición conxugada coa innovación e os grandes eventos.

- Promocionar o modelo de cidade en foros de opinión especializados.

- Potenciar o Camiño de Santiago portugués, mellorando tamén o entorno na totalidade do trazado do Camiño que cruza a cidade.

- Ampliar a zona de autocaravanas en base ás necesidades detectadas polas asociacións das persoas usuarias deste servizo.

- Implementar medidas que favorezan o avance na profesionalización, no coñecemento e na formación do persoal do sector turístico así como na investigación, a través de convenios con Universidades públicas e centros especializados.

- Establecer medidas que garantan a convivencia entre os usos turísticos e residenciais, na dirección que permitiu que ata o de agora Pontevedra puidese experimentar incluso un aumento da poboación residente no seu centro histórico.

Con todo isto, seguiremos traballando nunha estratexia turística diferenciada para Pontevedra, na que debemos incluír todos aqueles recursos propios que caracterizan o Concello: o casco histórico e as súas prazas, o patrimonio histórico e natural, a gastronomía, o Camiño portugués, o Museo de Pontevedra, a situación xeográfica ou a climatoloxía.

6. RESPECTO POLO MEDIO

**LORES,
PAIXÓN
× PONTEVEDRA.**



6.A. RESIDUOS / RECURSOS

Unha das características políticas do Pontevedra é a innovación e a aposta por iniciativas pioneiras que son referentes de modernidade no tratamento dos residuos municipais. Descartamos o modelo actual da Xunta de Galicia baseado na incineración de case a totalidade dos residuos e que leva engadido o continuo tráfico de camiións polas estradas do país co conseguinte despilfarro enerxético.

A Compostaxe individual é unha das tres patas da compostaxe municipal, xunto cos composteiros comunitarios que dan servizo a varias familias, e a recollida dos residuos orgánicos mediante contedores. Está cuberto un 70 % das vivendas unifamiliares, dando así por rematada unha exitosa primeira fase. É unha aposta do Goberno Local que foi pioneira en Galiza, é será un sistema que se verá reflectido no vindeiro contrato de xestión de residuos municipais.

Pontevedra contará cun novo contrato de xestión de residuos sólidos que será o primeiro do Estado adaptado á nova Lei de residuos, e seremos a única cidade cunha planta de compostaxe propia. Suporá un cambio de paradigma no tratamento dos residuos de competencia municipal, porque suporá a transformación dos mesmos nun recurso.

Apostamos polo coidado do medio ambiente reducindo substancialmente a pegada de carbono, logrando que os residuos se convertan en recursos cun aproveitamento máximo do vidro, papel, envases e compost.

6.B. ALUMEADO

Na iluminación das vías e espazos públicos debemos ter en conta dous aspectos fundamentais: por un lado, os servizos que presta e, por outro, os seus aspectos ecolóxicos.

Existiu controversia sobre a necesidade e utilidade da iluminación pública. De feito, incluso se chegou a propor a súa diminución, ou a súa supresión, cando menos parcial.

Esta formulación é demasiado superficial e non analiza as vantaxes que dá unha boa iluminación: favorece o andar, dá seguranza e sensación dela, evita usos indesexábeis, correspóndese cos hábitos de vida actuais e contribúe moitísimo á calidade de vida urbana e rural. Mesmo en países onde a iluminación pública non foi tradicionalmente unha faceta moi

coidada (especialmente nos países nórdicos), xorden dende hai tempo voces para que se corrixa esta deficiencia e están adoptando medidas neste dirección.

Polo tanto, seguimos propondo unha iluminación pública de máxima calidade e axeitada a cada tipo de espazo público, o que non quita que se poidan considerar algunha limitación horaria cando se comprobe a carencia de uso. De existir esta situación, serían casos moi excepcionais.

Por outro lado, é certo que todo consumo enerxético debe reducirse ao máximo para evitar un gasto desmedido e insostíbel. Nesta liña, completaremos o paso á tecnoloxía LED de todo o alumeado tanto rural como urbano e afondaremos, sempre que sexa posíbel, na xeración de enerxía para autoconsumo.

6.C. MEDIO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Toda actividade humana realízase e está condicionada polas características do territorio sobre a que se asenta, pero, á súa vez, a propia actividade vai modificando ese territorio soporte de todas as actividades (traballo, estudo, produción, lecer,...). Ao longo da historia, esta modificación realízase de modo lento; na xeira actual, cada vez mais aceleradamente. De como se produza esa modificación do territorio e da maneira en que se trate ese medio vai depender en grande medida a calidade de vida dos cidadáns e cidadás, tanto na súa dimensión social como na individual.

Acadar un desenvolvemento harmónico do medio e co medio (sexa rural ou urbano), e coidar este medio son a única garantía de mellorar a calidade de vida e, ao tempo, non hipotecar o futuro. A preservación da identidade do territorio é esencial para o establecemento dun modelo económico, social e territorial sustentábel e con perspectivas de futuro.

Un medio ambiente ben coidado, un territorio ben ordenado e con infraestruturas de servizos, un sistema de comunicacións, unha ubicación das actividades, unha protección de valores naturais e produtivos, un contorno harmónico e agradábel... o máis acaídos posíbel ás necesidades presentes e futuras da sociedade, constitúen a única garantía de resolvermos as tensións e desequilibrios existentes e á súa vez permitirmos unha actividade social e económica en boas condicións, optimizando os recursos produtivos propios. Igualmente este é o único xeito de acadar un desenvolvemento económico que poida permitir e asegurar no tempo un aumento do nivel e, sobre todo, da calidade de vida.

Con estas consideracións xerais facemos fincapé nunha cuestión de máxima transcendencia: o papel que teñen os Concellos na Ordenación do seu territorio, no Urbanismo e no Medio ambiente.

A curto prazo, a función máis importante dos concellos consiste na prestación dos servizos básicos. A medio e longo prazo, a principal función é precisamente tratar de incidir na ordenación acaída do seu territorio con dous obxectivos:

1.- A previsión de intervencións.

2.- As actuacións que se fagan para o seu coidado e permanencia.

Por desgraza, a situación legislativa e normativa foi evoluíndo na dirección de restarlle aos concellos case todas as competencias sobre a ordenación do seu territorio, tanto nas sucesivas leis sobre ordenación do territorio, costas, augas, estradas, ferrocarrís, urbanismo, etc. como nas Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral.

Máis alá destas limitacións, cada vez máis intensas, os concellos manteñen a capacidade de propoñer, suxerir, presionar, alegar ante ás demais administracións para lograr un territorio mellor ordenado, e o BNG no concello de Pontevedra utilizará estas facultades, aínda que cativas, para lograr esa mellora.

Pontevedra conta cun PXOM en vigor que xa desenvolveu todas as directrices que levaron o BNG a oporse á súa aprobación e no que, xunta ás 41.465 vivendas construídas, aínda permite edificar da orde de 20.000 máis, é dicir, que Pontevedra se atopa en boa situación para enfrontar o actual problema da vivenda. Deste xeito, o BNG non contempla a necesidade de elaborar un novo PXOM que reduciría o solo edificábel para vivenda de maneira significativa.

6.D. MONTE VIVO

Da necesidade de mellorar o noso medio e de dignificar os montes nace o programa municipal Monte Vivo, acollido e impulsado tamén pola veciñanza principalmente das parroquias que traballa na sextión do monte. Monte Vivo xorde da idea de facer do monte un recurso sustentábel, de ocio e tamén económico para produtores comunitarios e individuais. Apostamos firmemente nunha política forestal diferente fóra do monocultivo de especies foráneas, de crecemento rápido e de alto risco de incendio. Sendo este o maior problema na actualidade.

Entendemos que os incendios non son só lumes. Son produto dunha suma de factores que xorden por anos de abandono do rural potenciado por un cultivo de especies foráneas en prexuízo das autóctonas.

Puxemos en marcha os parques de A Tomba e A Fracha que poñen en valor usos do monte totalmente innovadores, facendo que a veciñanza goce do noso monte como zona de esparcemento e, dende agora, as liñas de traballo do goberno municipal para avanzar na calidade do monte van ser:

.- Crear novas sendas forestais e fluviais e manter en bo uso as existentes, co obxectivo de recuperalas para o ocio e o deporte, creando así espazos de lecer tan demandados pola veciñanza, tanto da cidade como do rural. Deste xeito conseguimos espazos coidados que favorezan a loita contra os incendios.

.- Traballar man a man coas comunidades de montes: os xestores do monte comunal galego teñen que ter un papel destacado na proposta, dirección e xestión de proxectos que melloren os usos do monte.

.- Aumentar o ritmo de plantación de árbores autóctonas e cultivos produtivos que xeren riqueza e diversifiquen os usos do monte.

6.E. O SISTEMA RÍA / RÍOS

A importancia e singularidade do sistema formado pola ría, os ríos e as xunqueiras fai que sexa necesario o seu tratamento diferenciado.

A ría de Pontevedra, xunto coa desembocadura dos ríos Lérez, Alba, Gafos e as zonas húmidas (xunqueiras) conformaron, e aínda conforman, un sistema singular de inmenso valor practicamente único no mundo, que foi e debería seguir sendo unha fonte inesgotábel de riqueza económica, ecolóxica e de calidade de vida. Tanto é así, que a propia ubicación, existencia e nacemento da cidade de Pontevedra débese á súa situación á beira da ría e do seu sistema marítimo-fluvial.

O crecemento da cidade foi sempre asociado a posta en valor deste sistema: cando estivo en pleno funcionamento, Pontevedra viviu os seus períodos de esplendor, mentres que a súa anulación e deterioro coinciden cos períodos recesivos.

Dende os anos 50 do século pasado as agresións foron continuas e cada vez máis violentas:

- A construción da autovía de Marín, a ubicación de ENCE-ELNOSA e TAFISA foron convertendo todo este sistema que lle deu esplendor a Pontevedra nunha cloaca, nun borrón, hoxe no norte da autoestrada.
- A desecación das zonas húmidas das Xunqueiras, usadas posteriormente para equipamentos: Maxisterio, Estadio da Xuventude, Colexios da Xunqueira, Recinto Feiral, Pazo da Cultura, etc.
- Recheos indiscriminados e masivos na ría e no resto do sistema.
- Ocultamento e afogamento urbanístico do Gafos.
- Autoestrada polo medio da ría, incumprindo de xeito rotundo a lexislación de Costas.

Somos conscientes de que moitas das actuacións son de difícil reversibilidade e o que se desfixo en 50 anos non pode ser recuperado nun período curto de tempo. Sen embargo, o cambio de tendencia xa está feito e as actuacións dos últimos anos viron supor o camiño para a recuperación definitiva do sistema ría-ríos. Sen ánimo de exhaustividade e prescindindo da orde cronolóxica, pódense citar:

- Saneamento completo e definitivo do sistema ría - ríos, tanto polo saneamento como a través da rede separativa que evita novas verteduras.
- Desaparición de TAFISA coa grande contaminación que provocaba, recuperación de seus terreos e integración no espazo público.
- Comezo da recuperación da gándara de Lérez coa saída do parque de maquinaria e da imprenta da Deputación.
- Actuacións de recuperación do ecosistema do Gafos para o seu uso e disfrute pola veciñanza, que deben ter continuidade no futuro.
- Recuperación ambiental do ecosistema do Lérez e integración na vida social cotiá da veciñanza de Pontevedra.

O BNG ten claro que recuperar definitivamente a ría e os ríos, un obxectivo fundamental desde o punto de vista urbanístico, ambiental e económico, é unha contribución inexcusábel de Pontevedra na defensa da Terra. Despois do camiño xa percorrido, Pontevedra pode avanzar cara a excelencia. Sabemos que este vai ser un camiño difícil pola nula implicación, cando non, clara oposición de outras administracións e entidades.

O goberno do BNG comprométese a avanzar nestas liñas e para iso:

- .- Demandará a Xunta de Galiza a dragaxe do Lérez.

.- Non escatimará esforzos na recuperación integral da Gándara de Lérez. Asemade esixirá ao resto das administracións a retirada das súas instalacións, a recuperación ambiental do terreo e a implicación en todo o que sexa necesario neste proxecto.

.- Reclamará o remate da conexión peonil con Marín pola beira da Ría, o coñecido “Paseo da ría”.

.- Utilizará todos os medios ao seu alcance para conseguir o traslado de ENCE e permitir que Pontevedra poida situarse entre as cidades máis avanzadas mundo que abordaron procesos semellantes con anterioridade (Bilbao, Málaga, Barcelona, Londres, Copenhague...).

.- Recuperará ambientalmente a zona da Xunqueira de Ponte Sampaio.

.- Porá en marcha o Proxecto A Moureira de recuperación urbana da fronte marítimo-fluvial.

.- Integrará ambientalmente dos estacionamentos de borde.

6.F. CICLO DA AUGA

A auga é un recurso escaso como se está pondo de manifesto nos últimos anos, produto do cambio climático. As competencias municipais relacionadas co ciclo da auga limítanse á distribución e á rede primaria de saneamento, polo que necesariamente ten que existir un acordo entre as distintas administracións públicas para acadar o peche do ciclo da auga dun xeito eficaz.

Pontevedra apostou por acadar a excelencia de cara a pechar o ciclo da auga, garantindo o seu funcionamento e capacidade para os vindeiros anos. Realizando un importante esforzo económico para lograr que o servizo de abastecemento e saneamento chegue practicamente ao 100 % dos núcleos onde sexa posible.

Os investimentos na rede de distribución e abastecemento de auga nos últimos anos fan posíbel ter un sistema en condicións de garantir o subministro de auga á poboación para os vindeiros 50 anos. Realizáronse obras na rede en alta: depósitos, Etap, bombeos, rede de distribución.

A renovación, seguimento e control da rede de distribución tamén fan que academos dende hai anos os niveis de rendemento da rede provistos en Galiza para o 2023.

Seguiremos avanzando para acadar os obxectivos para acadar a mellor eficiencia posíbel para a eliminación das perdas de auga na rede de abastecemento.

Rematar coas obras xa en marcha para completar o sistema de saneamento do rural, procurando as solucións máis axeitadas aos diferentes tipos de núcleos, á súa configuración orográfica a ao seu tamaño.

Manter un sistema de vixilancia e control da rede para arranxar as deficiencias existentes e detectar as novas que puideran xurdir, tanto en abastecemento como en saneamento. Seguir avanzando na eliminación das perdas de auga debido a tubaxes en mal estado.

Seguir colaborando coas comunidades de augas das parroquias para garantir unha auga de calidade e en cantidade suficiente.

6.G. SANIDADE ANIMAL

Os animais domésticos acompañan ao ser humano desde o Paleolítico aparecendo os primeiros cans domesticados hai 30.000 anos. Nos asentamentos rurais os animais domésticos son fundamentais para levar a cabo as tarefas que require a vida vencellada a criar e recolectar, establecéndose uns vínculos moi fortes que persisten cando a poboación se traslada ás cidades. Os vencellos das persoas con animais domésticos veñen de moi atrás e son indestrutibles, por iso a presenza de cans e de gatos nas zonas urbanas vai aumentando a medida que aumentan os habitantes. As condicións de habitabilidade nas vivendas urbanas son moi diferentes ás do rural, máis as necesidades dos animais domésticos non cambian. Precisan espazo para moverse e para as súas necesidades básicas, máis na cidade non é posible que o fagan libremente, ceibos, nun lugar amplo e axeitado, como se domesticaron os seus antergos.

É necesario ter presente que o número de animais domésticos vai seguir aumentando e para evitar conflitos na convivencia, debemos prever espazos onde, sobre todo, os cans poidan moverse con certa liberdade.

Desde o Concello comprometémonos a traballar conxuntamente coas asociacións de protección dos animais, con outras administracións e cos colexios profesionais de veterinarios, mediante convenios ou cos instrumentos administrativos acaídos en cada caso, para impulsar campañas de coidado e atención aos animais domésticos, campañas

de adopcións de animais abandonados, recollida dos animais mortos abandonados, control e coidado das colonias de gatos e aquelas outras que sexan precisas para favorecer a boa convivencia na cidade.

7. ORGULLO DE PAÍS

**LORES,
PAIXÓN
✕ PONTEVEDRA.**



7.A. PATRIMONIO

O patrimonio cultural, entendido como a herdanza creada, construída e transmitida ao longo do tempo, debe ser considerado na súa totalidade, abarcando tanto os bens materiais como os inmateriais. Ao mesmo tempo, o patrimonio cultural ten unha relación moi estreita co patrimonio natural, polo que cómpre avanzar cara á xestión conxunta, no que ten que ver cos tres niveis de actuación: protección, conservación, restauración, dinamización.

Ao longo dos anos de goberno, avanzamos nunha visión tridimensional do patrimonio cultural: identitaria, social e económica. Como sinal de identidade colectiva é un instrumento fundamental da autoestima, do sentimento de pertenza. Na súa dimensión social ten importancia como elemento de creación de comunidade, como espazo de cohesión, convivencia e relación, como recurso educativo e de lecer. Na súa dimensión económica supón un recurso económico vencellado ao turismo, á hostalería e aos novos servizos dixitais.

Cómpre, polo tanto, afortalar e desenvolver estes tres eixos.

O goberno do BNG comprométese con estas liñas de actuación:

-Transformación do CITA no Centro de Interpretación da Cidade Medieval, época de gran esplendor do porto e da cidade, que integre cun discurso único os espazos arqueolóxicos do Campiño de Santa María e da cabeceira sur da Ponte do Burgo. Colaboración co Museo de Pontevedra para incluír unha sala expositiva con restos das escavacións arqueolóxicas da cidade neste percorrido sobre a cidade medieval.

-Continuidade das actuacións nas cabeceiras da Ponte do Burgo (orixe e emblema da cidade). Na sur mellora do espazo público urbano da Praza Valentín García Escudero e consolidación dos restos arqueolóxicos do peirão e arcos da antiga ponte medieval para poñelos en valor dentro do proxecto museográfico. Na beira norte recuperación da concesión da gasoleira liberando o espazo para zona de recreo, e deixando o quiosco existente, peza singular do modernismo para equipamento.

- Potenciar os valores patrimoniais, culturais e simbólicos do Centro Histórico, promocionando o seu coñecemento e goce mediante sinalética e aplicacións informáticas para móbil.

- Desenvolvemento dun plan de recuperación e rexeneración do Barrio da Moureira, desde a desembocadura dos Gafos ata a ponte do Burgo

primando a calidade urbana, a recuperación do espazo público, a dotación de servizos, a rehabilitación de edificios e as manifestacións da evolución histórica do barrio.

- Elaboración do Plan Director do Camiño Portugués como eixo que reúne valores históricos, simbólicos, sociais e económicos, que planifique as actuacións de posta en valor, intervención física, conservación e mantemento, sinalética, seguranza viaria, dotación de equipamentos e infraestruturas...

- Fomento da participación social na conservación e promoción dos bens patrimoniais. Elaboración dun programa de socialización do patrimonio cultural e natural dirixido á veciñanza e a centros educativos con actividades que involucren á poboación na súa conservación.

- Rematar a tramitación da actualización do Catálogo de Edificios e Elementos a Conservar da Cidade e do Rural.

- Elaboración de recursos educativos (vídeos, unidades didácticas...) para por a disposición dos centros educativos e do resto da veciñanza. Creación dun portal web onde aloxar estes recursos e facilitar a súa utilización.

- Elaboración dun mapa, guía e xestión unificada dos roteiros do concello incluíndo os actuais e outros de nova creación, así como creación dun programa de conservación e dinamización.

7.B. PROMOCIÓN DA CIDADE

Pontevedra neste momento é un referente mundial polo seu modelo urbano e a súa calidade de vida. As necesidades provocadas pola pandemia no que ten que ver co uso dos espazos públicos ou os retos que nos pon enriba da mesa o cambio climático, fan que estean na axenda de medio mundo conceptos cos que o BNG leva traballando máis de 20 anos nesta cidade: a recuperación do espazo público e a súa democratización, o cambio nos paradigmas de mobilidade, a ecoloxía urbana...

Ningunha outra cidade do Estado pode dicir que conta cunha colección de premios como os que os pontevedreses e pontevedresas temos a honra de desfrutar. E a ninguén se lle escapa tampouco que esta posición privilexiada e este modelo de cidade consolidado en Pontevedra son fundamentais para a cohesión interna, pero tamén para o medre económico e para xerar sinerxias determinantes no ámbito turístico, comercial ou empresarial que debemos aproveitar e promover.

A referencialidade da cidade non é só a mellor das campañas de promoción urbana que podemos soñar. Tamén é unha importante fonte de retorno económico ou un escaparate de luxo para as nosas empresas que fan da cidade o mellor dos laboratorios de onde saen os produtos que compiten e gañan a nivel mundial (mobiliario urbano, deseño téxtil, artes escénicas...)

A área de Promoción da cidade existe precisamente para explotar aínda máis esta vertente. Desde ela fixemos a primeira misión comercial a México ou organizamos a maior conferencia de persoas expertas en urbanismo, a Place making Europe week.

A función desta área é aproveitar o potencial da transformación urbana na cidade e deseñar actividades que teñan Pontevedra como epicentro dun modelo real e comprobable de cambio radical, xa que Pontevedra é unha oportunidade. Queremos seguir traballando e asegurar un futuro no que Pontevedra sexa, máis ca nunca, unha das referencias cando se fala de espazo público, de ecoloxía urbana ou de calidade de vida.

Por este motivo o BNG comprométese a seguir apostando pola extensión do efecto do modelo de cidade como impulso para a internacionalización económica. Pontevedra demostra que nunha sociedade tan globalizada podemos traballar desde o local mirando tamén para a internacionalización do produto dende a propia cidade.

Entre as liñas de traballo nas que o BNG seguirá traballando, salientamos:

- A organización de misións comerciais. O modelo de cidade abre portas, pero este tipo de estratexias tamén reforzan o noso posicionamento no mundo e permiten ao tecido empresarial e comercial de Pontevedra establecer relacións frutíferas a nivel internacional da man do Concello e do modelo urbano.

- Promover espazos de reflexión como é o caso de Urbtopías, que á súa vez cumpre a función de captación de prescrites e prescrites, aproveitando a referencialidade da nosa cidade para coñecer tamén outras experiencias que redunden na mellora da calidade de vida da veciñanza e na construción da cidade do futuro.

- Impulso da Cátedra do espazo público en colaboración coa Universidade de arquitectura de Galiza, co obxectivo de promover proxectos e estudos de mellora da calidade do espazo público de Pontevedra, co compromiso nido de camiñar cara a un desenvolvemento sustentábel e a mellora do entorno socio-económico, establecendo medidas innovadoras que afonden na calidade de vida das persoas.

7.C. MEMORIA HISTÓRICA

Pontevedra converteuse no referente das políticas públicas da memoria histórica no ámbito municipal ao longo das dúas últimas décadas. Desenvolveuse un programa que tiña como obxectivo establecer a continuidade entre a Pontevedra republicana, laica e galeguista que foi aniquilada en 1936 e o novo tempo político iniciado en 1999, reconstruíndo referentes simbólicos da defensa dos valores democráticos, reforzando a identidade histórica galeguista, e promovendo a rehabilitación, a reparación e o coñecemento da historia silenciada.

Este proceso desenvolveuse en diferentes fases:

Nunha primeira establecéronse as bases do cambio de etapa coa rehabilitación da figura de Alexandre Bóveda e doutros pontevedreses asasinados e a eliminación de simboloxía e o cambio nos nomes franquistas das rúas.

Unha segunda na que se estendeu a recuperación da memoria histórica a toda a sociedade pontevedresa perseguida polo franquismo tanto urbana como rural, e que deu como resultado unha novidosa visión da memoria con perspectiva de xénero, para o que se creou ao longo dos últimos anos o programa municipal A memoria das mulleres, cuxos logros se están amosando no web www.dogrisaovioleta.gal

Os retos para os vindeiros anos pasan por fortalecer estas liñas de traballo, ampliándoas tanto no ámbito cronolóxico como no xeográfico (potenciando o estudo e divulgación da historia das parroquias). E cómpre tamén seguir avanzando na reconstrución da historia e do mapa simbólico da cidade desde a imprescindible perspectiva de xénero, co desenvolvemento do programa A memoria das mulleres.

Liñas de actuación:

- Potenciar o papel de Pontevedra como cidade referente das políticas de memoria histórica combinando a perspectiva nacional, de xénero e de clase, artellando programacións estábeis.
- Continuar co proceso de resignificación dos espazos públicos mediante novas denominacións, murais, escultura pública, sinalética e roteiros que poñan en valor un mapa simbólico feminista, con perspectiva de clase, pontevedrés e galego.
- Avanzar no proceso de participación social nos labores de estudo, recuperación e homenaxe contando coa colaboración do tecido asociativo

e os centros de ensino. Coa finalidade de lograr a máxima socialización do coñecemento histórico, aproveitarase o potencial dos recursos web, das publicacións en banda deseñada, dos roteiros urbanos, dos espectáculos teatrais e do audiovisual.

- Seguir co programa Memoria de Elefanta que naceu para incorporar ao público mozo e a novos públicos, buscando canles, novas linguaxes e novos escenarios onde a mocidade se move, se expresa e socializa.

- Impulsar o premio de narrativa e ensaio de Memoria Histórica “Mariví Villaverde”.

7.D. LINGUA

O noso compromiso coa normalización social da lingua amósase en todos os eidos de actuación, desde a coherencia persoal até unha acción decidida na sociedade e na organización diaria da Administración. Os concellos teñen un longo abano de posibilidades de actuación práctica no impulso ao uso social da lingua en ámbitos diversos que permiten avances palpábeis e moita visibilidade e que de ningún modo podemos desaproveitar.

No actual contexto socio-lingüístico, de perda de falantes, de ataques planificados desde o poder para frear as súas posibilidades de recuperación, de estancamento (cando non retroceso) en ámbitos decisivos, de non respecto aos dereitos das persoas falantes, etc, o papel en prol da normalización que cómpre desenvolver desde os concellos tórnase crucial.

Por iso, o BNG, para alén de continuar a incluír a transversalidade dos criterios dunha política lingüística normalizadora en todas as áreas, ámbitos e sectores, manterá e, na medida do posíbel, ampliará áreas políticas específicas -co persoal técnico necesario- para a coordinación, planificación e desenvolvemento da política lingüística municipal.

Liñas de actuación:

- Seguir a entender a normalización da lingua galega como un obxectivo preferente e central da acción municipal. As accións normalizadoras dirixiranse a todos os ámbitos e procurarase o incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os sectores (promoción económica, urbanismo, cultura, ensino, mocidade...).

-Continuar cos programas levados adiante nos pasados anos e a creación de novas accións que busquen incrementar o uso do galego entre as persoas máis novas.

-Impulsar a colaboración entre os concellos que formamos parte da Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, optimizando recursos, ideas e experiencias ca fin de desenvolver programas conxuntos (ex: Apego, Club de debate...) e promover novas iniciativas que afonden nos principios fundacionais da Asociación.

-Manter e, de ser posíbel, aumentar a colaboración con entidades sociais (ANPAS, centros de ensino, asociacións veciñais, sectoriais, etc.) para multiplicar as accións de fomento do uso da lingua galega.

-Controlar o cumprimento da Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello.

-Apoiar o tecido empresarial propio e os medios de comunicación que empregan a lingua galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO